



RESULTADOS DA  
INVESTIGACIÓN  
PRELIMINAR  
CURSO ACADÉMICO  
2017 / 2018

# SUPRIME O CONTROL


DATOS E CONTAS

Date de conta




<b>PRESENTACIÓN.</b> Poñendo o foco no xénero	<b>5</b>
<b>ASPECTOS METODOLÓXICOS.</b> Paso a paso	<b>9</b>
Antecedentes	12
Ficha Técnica	13
Control de Campo	15
Descrición da mostra	18
<b>ESTRUTURA DO DOCUMENTO.</b> Por onde comezamos?	<b>21</b>
<b>O XÉNERO A EXAME</b>	<b>25</b>
Índice de Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR)	29
Índice de Rexeitamento dos Trazos e Roles Sexistas (TRS)	34
Índice de Identificación de Condutas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT)	38
Índice de Identificación de condutas de acoso e control propias dunha relación tóxica (RT)	42
Índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais (CACR)	46
Visión global dos índices e das variables explicativas (sexo, curso académico e experiencia nas relacións)	50
<b>BUSCANDO RESPPOSTAS.</b> Luces e sombras	<b>55</b>
Mitos ao redor da violencia de xénero	56
Percepcións sobre a violencia de xénero e o sexismo	59
O reparto das tarefas do fogar	63
Os medios de comunicación	66
<b>CONCLUÍNDO...</b> Quen normaliza e quen suprime o control?	<b>83</b>
Do amor romántico ao control	84
Quen suprime e quen normaliza o control nas redes sociais?	85
<b>ANEXO.</b> Quedaches con ganas de máis?	<b>89</b>





PRESENTACIÓN  
POÑENDO O FOCO  
NO XÉNERO





Na actualidade, a violencia cara as mulleres é unha problemática social moi importante que vén avalada por unhas estatísticas que alertan dunha redución na idade media das mulleres afectadas. Por exemplo, informes do *Instituto da Muller* manteñen que un 10,3% das rapazas entre 16 e 24 anos din ter sufrido violencia física por parte dalgunha parella ou ex-parella, ou que nos últimos 10 anos a porcentaxe de rapazas menores de 20 anos asasinadas por violencia de xénero en España é do 4% respecto ao total de mulleres asasinadas.

A adolescencia é un período vital no que se dan numerosos cambios nos pensamentos, condutas e formas de relación das persoas, e na que comezan a desenvolverse as primeiras relacións afectivas. Tamén é o momento no que os diferentes axentes de socialización —*familia, escola, medios de comunicación, e sobre todo, grupo de iguais e novas tecnoloxías*— exercen unha influencia maior. Por todo isto, a adolescencia é a etapa ideal na que traballar para fortalecer a conciencia de xénero e así construír relacións saudables, de tolerancia, respecto e non violencia. De non existir esta conciencia, córrese o risco de caer en actitudes sexistas e que se interioricen comportamentos machistas que lexitimen condutas violentas nas relacións de parella.

Precisamente un dos obxectivos da Deputación Provincial da Coruña é a adopción de medidas para o fomento da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes na sociedade e a loita contra a violencia de xénero. Por este motivo, considerouse de interese realizar un programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero co que chegar á poboación adolescente dos centros de educación secundaria da provincia.

O programa que leva por nome **SUPRime o ConTRoL** consta de diversas actividades de sensibilización, entre elas, a realización dun obradoiro de 3 sesións no que traballar a construción de identidades igualitarias, o fortalecemento da intelixencia emocional, a resolución de conflitos, a identificación e prevención da violencia de xénero, e a desmitificación do amor romántico.

Así, a través de diversas actividades incídese, especialmente, naquelas actitudes e condutas que favorecen a construción de relacións afectivas saudables, e nas estratexias que potencian actitudes críticas fronte as desigualdades e a violencia de xénero. Con isto, trabállase para favorecer o desenvolvemento de habilidades de comunicación necesarias para unha resolución de conflitos non violenta, apoiándose na escoita activa, expresión de sentimentos e a asertividade.

O programa pretende chegar aos centros de educación secundaria dos concellos de até 20.000 habitantes da provincia, abarcando en cada curso académico zonas xeográficas diferentes. Nesta edición do curso escolar 2017/2018 o programa impartíuse nas comarcas de Betanzos, A Coruña, Eume e Terra de Melide, realizando actividades de prevención e sensibilización en 14 centros educativos.







ASPECTOS  
METODOLÓGICOS  
PASO A PASO





---

**“Educar na  
igualdade e no  
respecto é educar  
contra a violencia.”**

Benjamin Franklin  
Editor e político estadounidense

---

A prevención ten que ir da man dunha eficaz labor *coeducativa*, na que se traballe co alumnado, pero tamén coas familias e co profesorado. Precisamente, **o programa Suprime o Control impulsado pola Deputación da Coruña** busca chegar a estes tres axentes para realizar un traballo conxunto e coordinado, que dea boa conta dunha intervención integral na prevención da violencia contra as mulleres, e na ruptura de estereotipos e roles tradicionais de xénero. A fórmula escollida é a realización de obradoiros dirixidos ao alumnado de 3º e 4º da ESO no contexto da propia aula, así coma a realización de encontros coas súas familias e co profesorado dos propios centros. Porque, coa posta en marcha deste programa e apoiándonos nunha metodoloxía de intervención innovadora, queremos contribuír á construción dunha sociedade *corresponsable* co principio de equidade entre mulleres e homes.

Antes do desenvolvemento dos obradoiros, contando coa colaboración do equipo docente dos propios centros participantes, administróuselle ao alumnado un cuestionario cuxos resultados permitiron a elaboración dunha *Investigación Preliminar*. A finalidade da súa elaboración radica no feito de que, antes de intervir sobre calquera poboación, previamente deben coñecerse os aspectos concretos sobre os que hai que traballar. Deste modo, os resultados acadados permitiron deseñar para cada un dos centros educativos participantes no programa os obradoiros tendo en conta as necesidades detectadas en cada un dos niveis educativos cos que se intervéñ.

No presente documento **“Datos e contas, date de conta”** polo tanto, preséntanse os resultados da investigación preliminar, resultados cuxa natureza é fundamentalmente descriptiva pero cunha clara orientación analítica.

---

***“Faino o mellor  
que podas ata que  
saibas máis. Cando  
saibas máis, faino  
mellor.”***

**Maya Angelou**  
Autora e poeta estadounidense

---

## Antecedentes

Este estudo de diagnose realizado no curso académico 2017/18 apoiouse na experiencia e nos coñecementos adquiridos durante a realización do estudo da pasada edición do programa Suprime o Control. Esta investigación axudou a discernir aquelas crenzas, opinións, actitudes e condutas nas que a mocidade mantiña máis patróns sexistas, así como aquelas cuestións sobre as que tiña un maior descoñecemento. Tomando isto como referencia, pero co ánimo de seguir aprofundando nas crenzas e actitudes que se manteñen na adolescencia, efectuáronse algunhas modificacións no deseño do cuestionario empregado para a recollida de información, buscando así aprofundar noutras cuestións, que ao noso entender, tamén son de gran relevancia.

O obxectivo de contar cunha ferramenta de medida máis actualizada é dobre. Por unha banda, aprofundar máis naquelas variables causais que explican a relación entre acadar unha boa ou mala puntuación nun determinado ítem, con ser capaz de “suprimir o control” ou, pola contra, toleralo e normalizalo nas relacións de parella. E por outra banda, coñecer que hai detrás dos argumentos do alumnado que reflicten opinións, actitudes, ou comportamentos machistas. Ambos obxectivos sempre supeditados a un obxectivo xeral que xustifica a realización desta investigación preliminar: deseñar de forma específica o obradoiro que se imparte en cada centro en función dos resultados da análise.

Sen ánimo de querer adiantarnos á explicación da estrutura deste informe, podemos pór como exemplo dos cambios realizados no cuestionario un aumento cuantioso de ítems que tratan de medir ata que punto se teñen interiorizados (ou desmitificados) os “*mitos do amor romántico*”, xa que se observa que aquela moza que asimila na súa vida diaria ideas erradas sobre o amor, tende a construír as súas relacións de parella adoptando roles moi diferenciados, onde a posición das mozas e dos mozos son claramente desiguais.

Outro foco de interese salientable do cuestionario empregado para a recollida de datos neste curso, foi a inclusión de dúas preguntas abertas sobre os contidos audiovisuais que forman parte da realidade cotiá das mozas e mozos adolescentes. A ninguén se lle escapa que as novas plataformas dixitais son a día de hoxe un axente de socialización de primeira orde. A intención desta nova preocupación polas series, programas e *youtubers*, respecto ao curso anterior, é comprobar ata que punto están estereotipados os contidos audiovisuais consumidos pola mocidade, e que impacto poden ter estes contidos na asunción de valores e actitudes favorecedoras de relacións tóxicas.

Polo tanto, todas as actualizacións do cuestionario da investigación preliminar deseñáronse co obxecto de poder realizar unha análise de resultados máis pormenorizada e explicativa, que axude a obter unha visión máis completa e que sirva de guía non só para o deseño dos obradoiros do programa Suprime o Control, senón como ferramenta de traballo para o profesorado dos centros educativos que nesta anualidade participan no programa.

## Ficha Técnica

De seguido amósase a ficha técnica da enquisa realizada, especificando os centros participantes nesta edición de Suprime o Control e o **número de cuestionarios** que forman parte da mostra.

<b>FORMATO</b>	Enquisa de cumprimentación online
<b>UNIVERSO</b>	Composto por 1250 alumnas e alumnos
<b>DISTRIBUCIÓN DO UNIVERSO</b>	<p>Alumnado de 3º e 4º da ESO dos seguintes centros educativos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• IES O Mosteirón</li> <li>• IES Isaac Díaz Pardo</li> <li>• IES Moncho Valcarce</li> <li>• IES As Mariñas</li> <li>• IES Francisco Aguiar</li> <li>• IES Breamo</li> <li>• IES Fraga do Eume</li> <li>• IES de Curtis</li> <li>• CPI Castro Baxoi</li> <li>• IES de Viós</li> <li>• CPI Cruz do Sar</li> <li>• IES de Carral</li> <li>• IES de Melide</li> </ul> <p>Alumnado de FP Básica dos seguintes centros:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• IES As Mariñas</li> <li>• IES Castro da Uz</li> </ul>
<b>MOSTRA FINALMENTE EMPREGADA</b>	O marco da mostra empregado é o alumnado dos cursos de 3º e 4º da ESO dos 14 centros que forman parte do universo e que cumprimentaron o cuestionario.
<b>Nº TOTAL DE CUESTIONARIOS RECIBIDOS</b>	1048
<b>Nº TOTAL DE CUESTIONARIOS QUE FORMAN PARTE DA MOSTRA 1ª DEPURACIÓN</b>	1035
<b>Nº TOTAL DE CUESTIONARIOS SEN NINGÚN ERRO DE CUMPRIMENTACIÓN 2ª DEPURACIÓN</b>	987
<b>PUNTOS DE MOSTRAXE</b>	14 centros educativos que forman o universo
<b>DATA DE REALIZACIÓN</b>	Do 11 de setembro ao 31 de outubro do 2017

## Taxas de Non Resposta Total

As taxas de non resposta en cada centro educativo permiten calibrar o grao de participación do alumnado sobre o universo do que forman parte, é dicir, a non resposta total refírese á cantidade de alumnado invitado a cumprimentar os cuestionarios que finalmente non os cumprimentou.

**TÁBOA 1. Alumnado total, alumnado que cumprimentou o cuestionario e taxa de non resposta total**

CENTRO EDUCATIVO	ALUMNADO TOTAL	ALUMNADO QUE CUMPRIMENTOU O CUESTIONARIO			TAXA DE NON RESPONSA TOTAL DO ALUMNADO
		TOTAL	HOMES	MULLERES	
IES O Mosteirón	43	39	19	20	9%
IES Isaac Díaz Pardo	126	103	56	47	18%
IES Castro da Uz	24	22	18	4	8%
IES Moncho Valcarce	106	80	31	49	25%
IES As Mariñas	118	105	64	41	11%
IES Francisco Aguiar	171	156	66	90	9%
IES Breamo	83	72	38	34	13%
IES Fraga do Eume	76	55	29	26	28%
IES de Curtis	61	59	32	27	3%
CPI Castro Baxoi	70	48	22	26	31%
IES de Viós	59	44	25	19	25%
CPI Cruz do Sar	77	72	43	29	6%
IES de Carral	108	96	36	60	11%
IES de Melide	128	84	26	58	34%
<b>TOTAL</b>	<b>1250</b>	<b>1035</b>	<b>505</b>	<b>530</b>	<b>17%</b>

Na Táboa I poden consultarse as taxas de non resposta total en cada centro educativo, e a taxa total de non resposta para toda a mostra. A cantidade total de alumnado que non cumprimentou o cuestionario foi de 215 persoas, un 17% do total da poboación obxecto de estudo. Así mesmo, **todos os centros educativos contan cun grao de participación tan elevado que permite telos en conta de maneira significativa na investigación.** Aínda que se ben é certo, nalgúns a participación foi maior que noutros, o caso de: IES de Curtis, CPI Cruz do Sar, IES Castro da Uz, e IES Francisco Aguiar; fronte aos centros: IES de Melide, IES Castro Baxoi, IES Fraga do Eume, IES de Viós, e IES Moncho Valcarce.

## Control de Campo

Neste apartado inclúense todas as estratexias utilizadas para conseguir un eficaz e eficiente control de campo da enquisa que dota dunha maior validez interna e externa aos datos obtidos.

Durante as 7 semanas establecidas como período para a realización da enquisa, fíxose un exhaustivo control de campo, realizándose unha revisión diaria dos cuestionarios recibidos na plataforma online.

Despois destas revisións, contactouse telefonicamente co persoal dos centros educativos, ben co persoal de orientación ou dirección, para preguntar se o alumnado tivera algún tipo de dificultade na cumprimentación do cuestionario, e, de ser o caso, para informarles que quedaban algúns grupos pendentes de realizar e enviar a enquisa. Polo tanto, actuando o persoal dos centros educativos como mediadores e facilitadores deste proceso, foi máis sinxelo establecer un rigoroso control de campo, e en consecuencia, acadar unhas **altas taxas de participación**.

A continuación preséntase unha táboa resumo do proceso, a modo de diario de campo, no que se reflicte o proceso de control realizado: *data de cumprimentación e nº de cuestionarios cumprimentados por cada curso de cada centro participante no programa Suprime o Control no curso académico 2017-2018*.

**TÁBOA 2. Control de campo do proceso de cumprimentación da enquisa: data de cumprimentación e nº de cuestionarios cumprimentados de cada clase en cada centro.**

CENTRO	CURSO	DATA DE CUMPRIMENTACIÓN	Nº DE CUESTIONARIOS CUMPRIMENTADOS
IES O Mosteirón	3º de E.S.O.	06/10/2017	20
	3º de E.S.O.	31/10/2017	4
	4º de E.S.O.	25/10/2017	15
IES Isaac Díaz Pardo	3º de E.S.O.	09/10/2017	20
	3º de E.S.O.	16/10/2017	15
	3º de E.S.O.	16/10/2017	13
	4º de E.S.O.	10/10/2017	21
	4º de E.S.O.	11/10/2017	18
	4º de E.S.O.	20/10/2017	16
IES Castro da Uz	FP Básica	04/10/2017	22
IES Moncho Valcarce	3º de E.S.O.	24/10/2017	22
	3º de E.S.O.	25/10/2017	21
	3º de E.S.O.	30/10/2017	18
	4º de E.S.O.	02/11/2017*	19
	4º de E.S.O.	-	-
IES As Mariñas	3º de E.S.O.	31/10/2017	12
	3º de E.S.O.	07/11/2017*	21
	4º de E.S.O.	02/11/2017*	22
	4º de E.S.O.	02/11/2017*	6
	FP Básica	26/10/2017 e 27/10/2017	22
	FP Básica	27/10/2017	22
IES Francisco Aguiar	3º de E.S.O.	20/10/2017	21
	3º de E.S.O.	24/10/2017	7
	3º de E.S.O.	25/10/2017	20
	3º de E.S.O.	25/10/2017	24
	4º de E.S.O.	23/10/2017	21
	4º de E.S.O.	23/10/2017	23
	4º de E.S.O.	24/10/2017	20
	4º de E.S.O.	26/10/2017	20
IES Breamo	3º de E.S.O.	11/10/2017 e 18/10/2017	20
	3º de E.S.O.	27/10/2017	21
	4º de E.S.O.	31/10/2017	17
	4º de E.S.O.	31/10/2017	14



IES Fraga do Eume	3º de E.S.O.	26/10/2017	17
	3º de E.S.O.	25,26, 27, 31 /10/2017	12
	4º de E.S.O.	26/10/2017	14
	4º de E.S.O.	26/10/2017	11
IES de Curtis	3º de E.S.O.	24/10/2017	15
	3º de E.S.O.	30/10/2017	13
	4º de E.S.O.	20/10/2017	16
	4º de E.S.O.	30/10/2017	15
CPI Castro Baxoi	3º de E.S.O.	20/10/2017	17
	3º de E.S.O.	27/10/2017 e 31/10/2017	14
	4º de E.S.O.	25/10/2017	17
IES de Viós	3º de E.S.O.	20/10/2017	13
	3º de E.S.O.	20/10/2017	13
	4º de E.S.O.	19/10/2017	13
	4º de E.S.O.	20/10/2017	5
CPI Cruz do Sar	3º de E.S.O.	16/10/2017	20
	3º de E.S.O.	20/10/2017	24
	4º de E.S.O.	09/10/2017	16
	4º de E.S.O.	16/10/2017	12
IES de Carral	3º de E.S.O.	16/10/2017	18
	3º de E.S.O.	16/10/2017	15
	3º de E.S.O.	20/10/2017	19
	4º de E.S.O.	16/10/2017	15
	4º de E.S.O.	17/10/2017	11
	4º de E.S.O.	02/11/2017*	18
IES de Melide	3º de E.S.O.	10/10/2017	16
	3º de E.S.O.	11/10/2017	13
	3º de E.S.O.	11/10/2017	8
	4º de E.S.O.	09/10/2017	14
	4º de E.S.O.	09/10/2017	13
	4º de E.S.O.	09/10/2017	20

Todas as clases que presentan este símbolo (\*) enviaron os seus cuestionarios fóra do tempo establecido, mais formaron igualmente parte da mostra ao retrasarse unicamente unha semana.

## Descrición da mostra

Como xa se comentou, aínda da alta participación conseguida neste curso académico, na **Táboa 1** pode observarse que existen centros educativos nos que se rexistrou unha participación maior. Para comprobar que este pequeno *sesgo* non tivo unha influencia importante nunha sobrerrepresentación ou infrarrepresentación dalgún dos centros, preséntase a **Táboa 3**. Nesta aparece o peso do alumnado de cada un dos centros na poboación (universo) e na mostra finalmente empregada.

**TÁBOA 3.** Peso do alumnado de cada centro na poboación e na mostra.

CENTRO EDUCATIVO	Peso do alumnado de cada centro na poboación	Peso do alumnado de cada centro na mostra	Diferenza de peso mostra – poboación
IES O Mosteirón	3,4%	3,8%	+0,4%
IES Isaac Díaz Pardo	10%	10%	0%
IES Castro da Uz	1,9%	2,1%	+0,2%
IES Moncho Valcarce	8,5%	7,7%	-0,8%
IES As Mariñas	9,4%	10,1%	+0,7%
IES Francisco Aguiar	13,7%	15,1%	+1,4%
IES Breamo	6,6%	7%	+0,4%
IES Fraga do Eume	6,1%	5,3%	-0,8%
IES de Curtis	4,9%	5,7%	+0,8%
CPI Castro Baxoi	5,6%	4,6%	-1%
IES de Viós	4,7%	4,3%	-0,4%
CPI Cruz do Sar	6,2%	7%	+0,8%
IES de Carral	8,6%	9,3%	+0,7%
IES de Melide	10,2%	8,1%	-2,1%
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	

Tal e como se pode apreciar, non hai ningún *sesgo* destacable, sendo o IES de Melide o centro máis infrarrepresentado, con tan só un 2,1% menos de peso do que lle correspondería tendo en conta o alumnado total de 3º e 4º de ESO.

Outro posible *sesgo* sería a infra ou sobrerrepresentación dalgunha das 4 comarcas, ou dalgún dos municipios con máis habitantes que forman parte do programa este curso. Nas **Táboas 4 e 5** pode comprobarse que o *sesgo* volve a ser mínimo, estando sobrerrepresentadas a comarca de Betanzos e os municipios con máis habitantes (Sada, Betanzos e As Pontes de García Rodríguez) nun 2%.

***“A educación non cambia o mundo, pero cambia ás persoas que van o van a cambiar”.***

Paulo Freire  
Pedagogo brasileiro

**TÁBOA 4. Centros, comarca á que pertencen, alumnado que cumprimentou o cuestionario e porcentaxe de alumnado que representa a cada comarca na poboación e na mostra final.**


COMARCA	CENTROS EDUCATIVOS	Alumnado que cumprimentou o cuestionario	Peso da comarca na poboación	Peso da comarca na mostra	Diferenza de peso mostra - poboación
A Coruña	IES O Mosteirón, IES Isaac Díaz Pardo, IES de Viós, CPI Cruz do Sar e IES de Carral	354	33%	34%	+1%
Eume	IES Castro da Uz, IES Moncho Valcarce, IES Breamo e IES Fraga do Eume	229	23%	22%	-1%
Betanzos	IES As Mariñas, IES Francisco Aguiar, IES de Curtis e CPI Castro Baxoi	368	34%	36%	+2%
Terra de Melide	IES de Melide	84	10%	8%	-2%
<b>TOTAL</b>		<b>1035</b>	<b>1250</b>	<b>100%</b>	

**TÁBOA 5. Centros educativos segundo tamaño do municipio e peso que teñen na mostra.**


TAMAÑO DO MUNICIPIO	CENTRO EDUCATIVO	Alumnado que cumprimentou o cuestionario	Peso na poboación	Peso na mostra	Diferenza de peso mostra - poboación
Máis de 10.000 habitantes	IES Isaac Díaz Pardo, IES O Mosteirón, IES Francisco Aguiar, IES As Mariñas, IES Moncho Valcarce, IES Castro da Uz	505	47%	49%	+2%
Entre 6.000 e 10.000 habitantes	IES Fraga do Eume, IES Breamo, IES de Melide, CPI Cruz do Sar, IES de Carral	379	38%	37%	-1%
Menos de 6.000 habitantes	IES de Curtis, IES de Viós, CPI Castro Baxoi	151	15%	14%	-1%
<b>TOTAL</b>		<b>1035</b>	<b>1250</b>	<b>100%</b>	

En definitiva, débese destacar que ademais da alta participación acadada este curso académico coa investigación preliminar, **non existen apenas sesgos de mostraxe que condicionen a interpretación da información** que se presenta neste informe.





ESTRUTURA DO  
DOCUMENTO  
POR ONDE  
COMEZAMOS?





Este documento estrutúrase en 3 partes principais. A continuación realízase un breve resumo de cada unha delas, destacando aqueles puntos máis salientables que serven como fío condutor de todo o documento, e que son a base da análise dos resultados da investigación preliminar.

## O xénero a exame

Nesta parte realízase unha **comparativa das puntuacións obtidas polos centros en cada un dos índices elaborados**. Ao igual que na investigación preliminar do curso académico 2016-2017, tratouse de resumir a información recollida a través do cuestionario mostrando os resultados como se fosen notas académicas que van do 0 ao 10, onde **0 é a nota máis baixa posible e 10 a máis alta**.

Con esta idea, agrupáronse os *ítems* do cuestionario en 5 grandes bloques e construíronse os índices que se van expresando e analizando como se fosen "*notas académicas*". As notas preséntanse en forma de medias segundo o centro educativo, o curso académico e o sexo das mozas e mozos que participaron na enquisa. Estes criterios, á hora de calcular as medias, son moi importantes, xa que permiten discernir e ver de forma comparada aqueles grupos que conseguen mellores puntuacións e aqueles que conseguen notas medias máis baixas. Os cinco bloques nos que se calcularon as notas son os que seguen a continuación:

- ▶ **Mitos do Amor Romántico (MAR)**  
Neste bloque atópanse opinións, actitudes e percepcións que mitifican as relacións en parella segundo os patróns do amor romántico, pero que na realidade agochan condutas de control sobre a parella, e xustifican comportamentos de dominación onde queda limitada a liberdade individual das persoas.
- ▶ **Trazos e Roles Sexistas (TRS)**  
Neste bloque encádranse toda unha serie de opinións e percepcións que validan unha falsa naturalización do que se considera como típica e exclusivamente masculino e típica e exclusivamente feminino. Tamén se fai fincapé en aspectos nos que se opina que, ou ben as mulleres ou ben os homes, ten comportamentos ou unha condición natural mellor que o outro sexo.
- ▶ **Identificación de Condutas previas á iniciación dos Malos Tratos (ICMT)**  
Con este bloque trátase de medir ata que punto a mocidade é capaz de identificar condutas e comportamentos de control sobre a parella que poden derivar no inicio de malos tratos no seo da relación. Tamén se inclúen, a modo de control, certas actitudes e condutas saudables na parella.
- ▶ **Identificación de condutas de acoso e control propias dunha Relación Tóxica (RT)**  
Este bloque ten a mesma intención que o anterior, se ben aquí, máis que unha identificación dos malos tratos, pediase ao alumnado que opinase se consideraba como propio dunha relación "tóxica" unha serie de comportamentos e condutas de acoso e control. A diferenza co bloque anterior, atopamos que aquí o alumnado mostra un rexeitamento maior respecto das actitudes e comportamentos polos que se lle pregunta, probablemente porque está xulgando comportamentos enunciados en 3ª persoa e non como propios. Este feito é importante, xa que como se apreciou na investigación preliminar do curso académico 2016-2017, canto máis distanciada se sinta a persoa enquisada do que se lle pregunta, menor incidencia ten o sesgo de *desexabilidade* social na súa reposta.
- ▶ **Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes (CACR)**  
Neste bloque o alumnado xulga (ou normaliza) como condutas de acoso e control unha serie de comportamentos que se dan nas redes sociais. Trátanse de condutas indicativas de control á parella, ou directamente de acoso.

---

***“Este ansia irracional de dominio, de control e de poder sobre a outra persoa é a forza principal que alimenta a violencia de xénero nas parellas.”***

Luis Rojas Marcos  
Psiquiatra español

---

## Buscando respostas: luces e sombras

Nesta segunda parte danse a coñecer outros datos de interese analizados na investigación preliminar, e aínda de non formar parte dos índices, igualmente proporcionan unha información moi reveladora. Non se presentan en forma de nota media nin filtrados segundo o centro educativo. Mais, novamente, explícanse e crúzanse con variables independentes explicativas.

Para que esta análise resulte o máis sinxela posible, sen afectar un ápice á fiabilidade, os datos agrúpanse en 4 bloques diferenciados:

▶ **Mitos sobre a violencia de xénero**

Aquí atópanse diversos ítems que tratan de explicar as causas da violencia de xénero segundo certas ideas e crenzas populares que de forma indirecta afastan a percepción da violencia machista como unha experiencia factible na vida dunha muller, e que a estigmatizan como propia de colectivos excluídos ou con menos recursos.

▶ **Percepcións sobre a violencia de xénero e o sexismo**

Os ítems deste bloque responden a unha serie de percepcións moi xerais tanto do que rodea á violencia de xénero e ao sexismo, como do tratamento que ambos temas reciben nos medios de comunicación. Tamén se pregunta polas razóns que levan ás mulleres que sofren violencia de xénero a non abandonar ao seu agresor.

▶ **Reparto das tarefas no fogar**

Aquí pregúntase polo reparto familiar de diferentes tarefas cotiás do fogar, tales como lavar a louza, facer a colada, facer a comida, etc.

▶ **Uso das redes sociais e da televisión**

Neste bloque pregúntase pola frecuencia de uso de diferentes redes sociais, polas series e programas de televisión preferidos, polos youtubers/bloggers/influencers que seguen, e polo alcance das condutas de acoso e control nas redes sociais.


## Concluindo . . . Quen normaliza e quen suprime o control?

Para rematar, e a modo de **conclusións** xerais do estudo realizado con esta investigación preliminar, trátase de responder mediante a aplicación dunha análise estatística *multivariante* á pregunta “Quen suprime e quen normaliza o control?”





## O XÉNERO A EXAME





### MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

- ▶ Un **69% das rapazas** opinan que os problemas de parella debe superalos sen axuda de ninguén. Nalgúns centros, o **90% das rapazas** defenden esta tese.
- ▶ Un **48% dos rapaces** e un **41% das rapazas** cren que os celos son síntoma de querer moito á parella.



### TRAZOS E ROLES SEXISTAS

- ▶ Nalgúns centros o **70% das rapazas** afirman sentirse máis atraídas por homes fortes e virís.
- ▶ Nalgúns centros o **58% dos rapaces** pensan que mulleres con top e mallas visten así para provocar.



### CONDUTAS PREVIAS Á INICIACIÓN DOS MALOS TRATOS

- ▶ Un **46% da rapazada** considera que nunha relación de parella hai que compartilo todo sen ter segredos.
- ▶ O **85% dos mozos** prefiren que as súas parellas vistan como lles apeteza.



### CONDUTAS DE ACOSO E CONTROL PROPIAS DUNHA RELACIÓN TÓXICA

- ▶ Un **65% dos rapaces** e un **55% das rapazas** non consideran tóxico estar ata moi tarde chateando porque quere a parella.
- ▶ Un **33% dos rapaces** e un **24% das rapazas** non considera tóxico ter o contrasinal das redes sociais da parella.

Como se anticipou, os índices son puntuacións medias a modo de nota académica que varían de 0 a 10 puntos, sendo 0 a puntuación máis baixa posible, e 10 a máis alta. Ningún índice reflicte unha puntuación pura de 0 ou 10 porque, como xa se dixo, son puntuacións medias, pero iso non significa que unha persoa en concreto non puidese obter, de realizarse valoracións individuais, unha puntuación de 0 ou de 10.

Para unha lectura máis sinxela dos índices, na seguinte táboa móstranse os 5 índices elaborados e a súa interpretación en 3 escenarios posibles: *puntuación media de 0, puntuación media de 5, e puntuación media de 10.*

**TÁBOA 6. Interpretación dos índices construídos.**

ÍNDICES	PUNTUACIÓNS MEDIDAS		
	0	5	10
<b>Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR)</b>	Acéptanse e idealízanse todos os mitos do amor romántico preguntados no cuestionario.	Acéptanse e idealízanse un número importante de mitos do amor romántico. Os máis comúns son a visión normalizadora e mesmo positiva dos celos como demostración do amor, e a opinión de que os problemas da parella deben quedar na parella e deben superarse sen axuda de ninguén.	Rexéitanse todos os mitos do amor romántico expostos no cuestionario. Tense unha visión libre e independente das relacións en parella e do amor, sen que se xustifique nin normalice ningún tipo de comportamento ou conduta de dominación dun dos membros da parella. Esta puntuación foi a máis difícil de acadar polo alumnado.
<b>Rexeitamento dos Trazos e Roles Sexistas (TRS)</b>	Acéptanse e naturalízanse todos os estereotipos de xénero expostos no cuestionario, reificándose e obxectivándose unha dobre visión normativa e natural do mundo "masculino" e do mundo "feminino".	Acéptanse e naturalízanse un número importante dos estereotipos de xénero mostrados no cuestionario. Entre os que se aceptan con máis frecuencia destaca a creenza de que as mulleres son máis empáticas e sensibles que os homes, e que por natureza están predispostas para ser nais.	Rexéitanse todos os estereotipos sexistas mostrados no cuestionario. Téndose así unha visión desnaturalizada e non diferenciada das persoas, sen implicacións sexistas nos trazos e roles que se adscriben xeralmente aos homes e ás mulleres.

<p><b>Identificación de Conductas previas á iniciación dos Malos Tratos (ICMT)</b></p>	<p>Non se identifican como xerme da violencia ou propiamente condutas de acoso e control, ningún dos comportamentos de acoso e control sobre a parella mostrados no cuestionario. Mentres que se rexeitan comportamentos propios de relacións saudables onde se respecta a liberdade individual da parella.</p>	<p>Non se identifican como xerme da violencia ou propiamente condutas de acoso, bastantes dos comportamentos de acoso e control sobre a parella mostrados no cuestionario. Mentres que se teñen certas dificultades para aceptar outros propios de relacións saudables. Como exemplos máis frecuentes, podemos dicir que adóitase considerar que nunha relación de parella hai que compartilo todo sen que se garde ningún tipo de segredo, e que non se defenda que a parella poida opinar diferente en diversos temas.</p>	<p>Identifícanse como condutas de acoso e control todos os comportamentos de acoso e control expostos no cuestionario. Así mesmo, acéptase e estase de acordo con comportamentos saudables no seo das parellas como respectar que se teñan opinións diferentes, diferentes tipos de ocio, e diferentes gustos.</p>
<p><b>Identificación de condutas de acoso e control propias dunha Relación Tóxica (RT)</b></p>	<p>Non se consideran como propias dunha relación tóxica ningunha das situacións de acoso e control que se presentan no cuestionario. Ademais, considéranse como tóxicas outras situacións nas que se respecta o espazo e a liberdade da parella na relación.</p>	<p>Non se consideran como situacións propias dunha relación tóxica moitas das situacións de acoso e control que se presentan no cuestionario. Un dos exemplos máis frecuentes é que non se considere como tóxico ter os contrasinais das redes sociais da parella, ou <i>chatear</i> ata moi tarde coa parella porque ela quere. Ademais, considéranse como tóxicas situacións habituais e cotiás, o que da a entender certo control sobre a parella. O exemplo máis frecuente é que se considere como tóxica unha parella que non responda ao <i>Whatsapp</i> cando ve os dous <i>ticks</i> azuis.</p>	<p>Considéranse como propias dunha relación tóxica todas as situacións de acoso e control que se presentan no cuestionario. Ademais, non se consideran tóxicos comportamentos saudables no seo da parella que respectan a liberdade de cada individuo, como pode ser estar un fin de semana sen quedar coa parella.</p>
<p><b>Rexeitamento de Conductas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR)</b></p>	<p>Acéptanse, normalízanse e deféndense todas as condutas de acoso e control a través das redes sociais que se abordan no cuestionario.</p>	<p>Acéptanse e deféndense moitas das condutas de acoso e control a través das redes sociais que se expoñen no cuestionario. Entre as máis frecuentes destacan compartir as contrasinais das redes sociais coa parella, e cambiar a foto de perfil de <i>Whatsapp</i> se á parella non lle gusta.</p>	<p>Rexéitanse todas as condutas de acoso e control nas redes sociais expostas no cuestionario. Percibíndoas todas (algunhas de maior intensidade, outras de menor) como o que son: condutas de acoso e control nas redes sociais.</p>

## Índice de Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR)

**Durante a investigación preliminar do curso académico 2016-2017 concluíuse que moitos pensamentos, crenzas e comportamentos que idealizan os falsos mitos do amor romántico, eran aceptados e compartidos pola mocidade.**

Os mitos do amor romántico son un conxunto de falsas crenzas socialmente compartidas sobre a "verdadeira" natureza do amor. Natureza ficticia, enganosa, imposible de cumprir, e nalgúns casos absurda, pero que reforza e perpetúa a asignación desigual de roles e estereotipos de xénero. Constrúe relacións asimétricas, que en definitiva, fai que os homes interioricen unha función de dominación nas relacións e as mulleres unha función de submisión. Como contan cunha gran carga emotiva, transmitida de xeración en xeración, e reforzada de maneira moi acusada polos medios de comunicación (cine, música, novas tecnoloxías, etc.), estes mitos soen ser resistentes ao cambio, polo que necesítase unha gran sensibilización para rachar cos mesmos.

Ideas como que o namoramento *implica compracencia total cara a parella*, ou que *é normal que se deixen de lado intereses individuais pola parella*, están presentes no ideal de amor de moitas e moitos adolescentes. Polo tanto, co fin de ter un mellor coñecemento sobre este aspecto, elaborouse un índice capaz de ofrecer información cuantitativa e comparable sobre ata que punto o alumnado rexeita ou acepta os mitos do amor romántico. O índice sintetiza, a modo de nota académica, a información comprendida nos seguintes 6 ítems:

- ▶ "Estar namorado/a implica compracer en todo á túa parella".
- ▶ "É comprensible deixar de lado intereses e proxectos por amor".
- ▶ "Os problemas de parella debe superalos a parella sen axuda de ninguén".
- ▶ "Nunha relación cando sentes celos é porque queres moito á túa parella".
- ▶ "Saber todos os horarios da parella é algo normal".
- ▶ "En xeral, está ben que sexa a parella quen tome certas decisións polos dous".

Con estes 6 ítems compróbase a aceptación e/ou rexeitamento dalgún dos grandes mitos do amor romántico, tales como:

- ▶ **A falacia da entrega total coa parella:** ten que ver coa idea de amor-fusión, co esquecemento da propia vida e a dependencia cara a outra persoa. Enténdese o amor como un sacrificio, polo que se debe renunciar a diferentes proxectos vitais polo benestar da parella.
- ▶ **Crenza da compracencia total coa parella:** relacionado con que hai que satisfacer todas as necesidades da parella.
- ▶ **Mito da media laranxa:** é un dos mitos máis estendidos entre a poboación adolescente, que fala da existencia dunha parella predestinada, dunha "alma xemelga". Esta crenza fai que as persoas nos vexamos como somos seres incompletos, polo que necesitamos unha parella que nos complete.
- ▶ **Mito dos celos como demostración do amor:** os celos vense como un símbolo de amor, de tal maneira que se a persoa amada os sente significa que "te quere". O perigo dos celos é que sempre acaba con condutas de control.

- ▶ **A omnipotencia do amor:** transmite a mensaxe errada de que o amor o pode todo, e que con amor se poden superar todos os obstáculos posibles.
- ▶ **Crenza de que o amor implica a renuncia á intimidade:** asume que na parella non deben existir segredos, hai que compartilo todo para que a parella o saiba todo sobre nós.
- ▶ **Mito da perdurabilidade, paixón eterna ou equivalencia:** equipara ao namoramento como único ingrediente do amor, polo que cando acaba a atracción, a relación debe rematar.
- ▶ **Conversión do amor de parella en centro e referencia da existencia:** transmite que soamente as persoas emparelladas poden ser felices, polo que non ter parella converte ás persoas en infelices ou desgraciado/as.

As notas obtidas polo alumnado neste índice confirman unha das grandes conclusións da investigación preliminar no curso académico pasado: **a interiorización de moitos dos mitos do amor romántico**. Constátase que é o aspecto no que alumnado presenta maiores dificultades e notas máis baixas. A este respecto, extráense os seguintes datos:

- ▶ 7 de cada 10 rapazas (69%) opinan que **os problemas de parella debe superalos a parella sen axuda de ninguén**.
- ▶ Entre 4 e 5 de cada 10 rapaces (44%) pensa que **estar namorado implica complacer en todo á parella**.
- ▶ Entre 3 e 4 de cada 10 rapaces (34%) están de acordo con que **é comprensible deixar de lado intereses e proxectos por amor**.
- ▶ Respecto á toma de decisións no seo da parella, case 4 de cada 10 rapaces (39%) e algo máis de 2 de cada 10 rapazas (24%) cren que **está ben que sexa a parella quen tome certas decisións polos dous**.

Encanto aos celos, reflíctense porcentaxes perigosamente altas:

- ▶ Case a metade dos rapaces (48%) e 4 de cada 10 rapazas (41%) cren que **cando se senten celos é porque se quere moito á parella**.
- ▶ Nalgúns centros, **9 de cada 10 rapazas (90%) defenden que os problemas de parella debe superalos a parella sen axuda de ninguén**.
- ▶ 4 de cada 5 rapaces (79%) defenden que nunha relación de parella **cando sentes celos é porque queres moito á parella**.


Na **Gráfica 1** preséntase unha clasificación dos centros educativos neste índice, atopándose na parte superior aqueles que acadan mellores notas medias. Para unha correcta lectura da gráfica é importante ter en conta:

- As cores. As cores azuis representan as puntuacións medias para os cursos de 3º de E.S.O., as cores vermellas para os cursos de 4º de ESO., e as cores verdes para o alumnado de FP.
- As formas xeométricas. As formas cadradas simbolizan as puntuacións medias dos homes e as triangulares as puntuacións medias das mulleres.

A gráfica permite, polo tanto, ver unha comparativa das puntuacións medias entre os distintos centros, e observar máis polo miúdo cales son os grupos que acadan as mellores notas en cada centro.

Obsérvase unha clara e ampla maioría de triángulos á dereita, indicativo de que as mellores puntuacións medias neste índice de rexeitamento dos mitos do amor romántico foron acadadas polas rapazas, e dado o predominio da cor vermella, conclúese que son as rapazas de 4º de E.S.O. as que obteñen mellores notas. Mentres que na esquerda da gráfica, apréciase unha ampla maioría de cadrados azuis, sendo por tanto os rapaces de 3º de E.S.O. os que obteñen, na meirande parte dos casos, resultados menos positivos. Nas valoracións acadadas polo alumnado dos centros de FP apenas se aprecian diferenzas segundo o sexo, estando ambas notas medias por debaixo da media xeral.

**GRÁFICA 1. Notas medias no Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR)**



En canto aos centros, destacan positivamente o IES de Curtis, o IES Breamo, o CPI Cruz do Sar e o IES Fraga do Eume. No caso do IES O Mosteirón e o IES Moncho Valcarce, as baixas notas veranse tamén reflectidas na meirande parte dos índices construídos, mais no caso do CPI Castro Baxoi, é neste índice onde se se rexistran as notas máis baixas.

Observando os símbolos extremos na **gráfica I**, apréciase que as rapazas de 4º de ESO do IES As Mariñas e as rapazas de 3º de ESO do IES Fraga de Eume obteñen as mellores notas medias de todo o conxunto neste índice. Pola contra, os rapaces de 3º de ESO do IES Mosteirón, e de 4º de ESO do IES Moncho Valcarce son os obteñen as notas máis baixas. Xunto a estes, tamén hai outros grupos con baixas puntuacións: os rapaces de 3º e 4º do CPI Castro Baxoi, os rapaces de 3º do IES de Viós, os rapaces de 3º do IES de Melide, os rapaces de 4º de ESO do IES Fraga do Eume, e os rapaces e rapazas de FP do IES As Mariñas. Estas últimas son as únicas rapazas do conxunto de centros que acadan unha puntuación tan baixa no índice.

A continuación preséntase unha táboa coa información da gráfica anterior, á que se lle engade unha última fila coas "Medias Xerais" de todo o alumnado neste índice.

**TÁBOA 7. Notas medias no índice de rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR).**

CENTRO	CURSO	SEXO	NOTA (MAR)	NOTA MEDIA DO CENTRO (MAR)
IES Francisco Aguiar	3º	Homes	5,18	5,74
		Mulleres	5,85	
	4º	Homes	5,67	
		Mulleres	6,25	
IES As Mariñas	3º	Homes	5,02	5,70
		Mulleres	6,15	
	4º	Homes	5,89	
		Mulleres	7,31	
	FP	Homes	4,92	
		Mulleres	4,89	
IES de Curtis	3º	Homes	6,09	6,37
		Mulleres	6,96	
	4º	Homes	5,59	
		Mulleres	6,83	
CPI Castro Baxoi	3º	Homes	4,85	5,18
		Mulleres	5,59	
	4º	Homes	4,63	
		Mulleres	5,67	
IES de Viós	3º	Homes	4,67	5,54
		Mulleres	6,16	
	4º	Homes	5,31	
		Mulleres	6,01	



CPI de Cruz do Sar	3º	Homes	5,59	6,12
		Mulleres	6,34	
	4º	Homes	6,04	
		Mulleres	6,53	
IES de Carral	3º	Homes	5,06	5,88
		Mulleres	6,30	
	4º	Homes	5,59	
		Mulleres	6,57	
IES O Mosteirón	3º	Homes	4,07	5,22
		Mulleres	5,38	
	4º	Homes	5,17	
		Mulleres	6,27	
IES Moncho Valcarce	3º	Homes	5,22	5,23
		Mulleres	5,98	
	4º	Homes	4,10	
		Mulleres	5,64	
IES Castro da Uz	FP	Homes	5,34	5,54
		Mulleres	5,74	
IES Breamo	3º	Homes	5,78	6,15
		Mulleres	6,80	
	4º	Homes	5,71	
		Mulleres	6,31	
IES Fraga do Eume	3º	Homes	5,98	6,12
		Mulleres	7,08	
	4º	Homes	4,75	
		Mulleres	6,67	
IES de Melide	3º	Homes	4,56	5,62
		Mulleres	6,19	
	4º	Homes	5,16	
		Mulleres	6,57	
IES Isaac Díaz Pardo	3º	Homes	5,41	5,97
		Mulleres	6,17	
	4º	Homes	5,56	
		Mulleres	6,74	
<b>MEDIA XERAL</b>	3º	<b>Homes</b>	<b>5,23</b>	<b>5,75</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>6,19</b>	
	4º	<b>Homes</b>	<b>5,47</b>	<b>5,99</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>6,43</b>	
	FP	<b>Homes</b>	<b>5,06</b>	<b>5,07</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>5,09</b>	

## Índice de Rexeitamento dos Trazos e Roles Sexistas (TRS)

**Este índice busca medir a vixencia dos estereotipos de xénero entre a mocidade.** Deste xeito, atópanse aquí un conxunto de ítems que reproducen dous mundos diferenciados: o "*mundo dos homes*" e o "*mundo das mulleres*". Ademais, tamén se engaden algúns ítems que reflicten a crenza de que algún dos sexos se comporta mellor ou ten mellores condicións naturais para a realización dalgunha actividade respecto ao sexo oposto. O índice sintetiza así, a modo de nota académica, a información comprendida nos seguintes 12 ítems:

- ▶ "Os homes deben ser fortes, independentes, dominantes e traballadores".
- ▶ "Todas as miñas actividades de ocio podería facelas tanto un rapaz como unha rapaza".
- ▶ "Aos homes dáselles mellor as matemáticas que ás mulleres".
- ▶ "Por natureza as mulleres están predispostas para ser nais".
- ▶ "As mulleres son máis empáticas e sensibles que os homes".
- ▶ "As rapazas maduran antes que os rapaces".
- ▶ "É mellor que sexan os mozos os que teñan a iniciativa sexual".
- ▶ "Moitas mulleres con *top* e mallas visten así para provocar".
- ▶ "Que un rapaz chore é mostra de debilidade".
- ▶ "As mozas séntense máis atraídas por homes fortes e virís".
- ▶ "Aos rapaces dáselles mellor que ás rapazas xogar a videoxogos".
- ▶ "As *pelis* e series que lles gustan ás rapazas non teñen nada que ver coas que lles gustan aos rapaces".

Facendo unha análise conxunta destes *ítems*, obsérvase o seguinte:

- ▶ 3 e 4 de cada 10 rapaces (36%) e case 3 de cada 10 rapazas (29%) opinan que **por natureza as mulleres están predispostas para ser nais**.
- ▶ Case 4 de cada 10 rapaces (39%) e rapazas (37%) cren que **as mulleres son máis empáticas e sensibles que os homes**.
- ▶ Case 3 rapaces (37%) e 2 de cada 10 rapazas (21%) consideran que **moitas mulleres con top e mallas visten así para provocar**.
- ▶ Máis de 4 de cada 10 rapaces (42%) e 3 de cada 10 rapazas (34%) afirman que **as mozas séntense máis atraídas por homes fortes e virís**.
- ▶ Máis da metade dos rapaces (52%) e de 2 de cada 3 rapazas (70%) pensan que **as rapazas maduran antes que os rapaces**.

Así mesmo, e como datos máis desconcertantes neste apartado, podemos salienta que **nalgúns centros 7 de cada 10 rapazas (70%) afirman sentirse máis atraídas por homes fortes e virís, e 6 de cada 10 rapaces (58%) expoñen que moitas mulleres con top e mallas visten así para provocar**.


Da análise dos restantes *ítems* deste índice, tamén se desprende o seguinte:

- ▶ 2 de cada 10 rapaces (22%) e menos de 1 cada 10 rapazas (8%) **defenden que aos rapaces se lles dea mellor que ás rapazas xogar aos videoxogos.**
- ▶ 2 de cada 10 rapaces (21%) e 1 de cada 10 rapazas (13%) manifestan que **os homes deben ser fortes, independentes, dominantes e traballadores.**
- ▶ Entre 1 e 2 de cada 10 rapaces (15%) e 1 de cada 10 rapazas (10%) valoran que **é mellor que sexan os mozos os que teñan a iniciativa sexual.**
- ▶ Case 2 de cada 10 rapaces (19%) e 1 cada 10 rapazas (13%) estiman que **as películas e series que lles gustan ás rapazas non teñen nada que ver coas que lles gustan aos mozos.**
- ▶ Só 1 de cada 10 rapaces (11%) e apenas rapazas (5%) **ven como mostra de debilidade que un rapaz chore**, e moi poucos rapaces (7%) e rapazas (3%) cren que a estes se lles dan mellor as matemáticas.

En suma, pódese afirmar que algúns trazos e roles sexistas depositados sobre os homes (chorar como debilidade) e sobre as mulleres (menos intelixentes) teñen moi pouca vixencia entre o alumnado. Pero segue habendo certos pensamentos que obxectivan un mundo propia e exclusivamente feminino. Un mundo de nais, co poder dos afectos, que maduran antes, máis atraídas por homes fortes e virís, e no que a súa vestimenta expresa atracción aínda que non o desexen. Un mundo, en definitiva, no que certos **mandatos de xénero** seguen a ter vixencia entre a mocidade, froito dunha socialización diferencial entre mulleres e homes que implica que uns e outras estean chamados a desempeñar papeis diferentes na vida adulta.

Na **gráfica 2** preséntase unha clasificación dos centros educativos neste índice, atopándose na parte superior os centros coas notas medias máis altas, e na parte inferior os centros con notas máis baixas.

## GRÁFICA 2. Notas medias no Rexeitamento dos Trazos e Roles Sexistas (TRS).



Novamente obsérvase unha ampla maioría de triángulos á dereita, indicativo de que as mellores puntuacións medias foron acadadas polas rapazas. Mais, o predominio de cores vermellas á dereita xa non é tan claro como na **gráfica 1**, xa que as figuras azuis superan ás vermellas en varios centros. O mesmo ocorre coas formas cadradas á esquerda da gráfica: pode apreciarse unha ampla maioría de cadrados, pero non sempre son os azuis os que obteñen as puntuacións máis baixas. Polo tanto, parece que novamente se repite o perfil de “rapaza de 4º de ESO” como a que acada as mellores notas no índice de Rexeitamento de Trazos e Roles Sexistas, e o “rapaz de 3º de ESO” o que obtén as notas máis baixas. Mais, esta conclusión non é tan clara e evidente como no caso do índice de rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico. As notas do alumnado de FP non amosan grandes diferenzas entre rapaces rapazas, estando ambas notas medias novamente por debaixo das medias xerais.

En canto aos centros, destacan positivamente o IES Fraga do Eume e o IES de Curtis. Estes demárcanse en todo o estudo como centros con especial preocupación e sensibilización pola temática.

Observando os símbolos extremos na **Gráfica 2**, apréciase que as rapazas de 4º de ESO do IES As Mariñas e as rapazas de 3º de ESO do IES de Curtis obteñen as mellores notas medias. Pola contra, os rapaces de 3º de ESO do IES O Mosteirón, e de 4º do IES de Melide son os que obteñen as notas máis baixas.

Ningún grupo obtivo puntuacións medias por debaixo de 5, mais as notas máis baixas, ademais das xa mencionadas, son as acadadas polos rapaces de 3º de ESO do IES Isaac Díaz Pardo e as dos rapaces de FP do IES Castro da Uz.

A continuación preséntase unha táboa que, ademais da información da gráfica, contén as “medias xerais” de todo o alumnado neste índice.

**TÁBOA 8. Notas medias no Rexeitamento dos Trazos e Roles Sexistas (TRS).**

CENTRO	CURSO	SEXO	NOTA (TRS)	NOTA MEDIA DO CENTRO (TRS)
IES Francisco Aguiar	3º	Homes	5,97	6,88
		Mulleres	7,34	
	4º	Homes	6,63	
		Mulleres	7,60	
IES As Mariñas	3º	Homes	6,44	7,07
		Mulleres	7,82	
	4º	Homes	6,69	
		Mulleres	8,62	
	FP	Homes	6,16	
		Mulleres	6,71	
IES de Curtis	3º	Homes	7,41	7,28
		Mulleres	8,50	
	4º	Homes	6,40	
		Mulleres	6,81	
CPI Castro Baxoi	3º	Homes	6,83	6,88
		Mulleres	7,30	
	4º	Homes	6,23	
		Mulleres	7,15	

IES de Viós	3º	Homes	6,18	6,84
		Mulleres	7,78	
	4º	Homes	6,75	
		Mulleres	6,65	
CPI de Cruz do Sar	3º	Homes	6,81	7,17
		Mulleres	7,66	
	4º	Homes	6,77	
		Mulleres	7,44	
IES de Carral	3º	Homes	6,86	7,05
		Mulleres	7,14	
	4º	Homes	6,32	
		Mulleres	7,87	
IES O Mosteirón	3º	Homes	5,12	6,38
		Mulleres	6,62	
	4º	Homes	6,36	
		Mulleres	7,44	
IES Moncho Valcarce	3º	Homes	6,93	6,71
		Mulleres	7,05	
	4º	Homes	5,97	
		Mulleres	6,91	
IES Castro da Uz	FP	Homes	5,92	6,27
		Mulleres	6,62	
IES Breamo	3º	Homes	6,81	7,18
		Mulleres	7,37	
	4º	Homes	6,59	
		Mulleres	7,95	
IES Fraga do Eume	3º	Homes	7,40	7,61
		Mulleres	8,06	
	4º	Homes	6,84	
		Mulleres	8,15	
IES de Melide	3º	Homes	5,59	6,71
		Mulleres	7,82	
	4º	Homes	6,00	
		Mulleres	7,43	
IES Isaac Díaz Pardo	3º	Homes	5,73	6,82
		Mulleres	7,19	
	4º	Homes	6,61	
		Mulleres	7,74	
MEDIA XERAL	3º	Homes	6,46	7,01
		Mulleres	7,46	
	4º	Homes	6,54	7,10
		Mulleres	7,57	
	FP	Homes	6,08	6,20
		Mulleres	6,69	

## Índice de Identificación de Conduas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT)

Este índice trata de medir o grao con que o alumnado é capaz de discernir comportamentos e condutas saudables no seo da parella de determinadas pautas de acoso e control. Así, o índice sintetiza, a modo de nota académica, a información comprendida nos seguintes 8 ítems:

- ▶ “A miña parella non ten por que contarme todo”.
- ▶ “Nunha relación de parella hai que compartilo todo, non se deben ter segredos”.
- ▶ “Prefiro que a miña parella se vista como a min me gusta”.
- ▶ “Prefiro que a miña parella opine igual ca min”.
- ▶ “Prefiro que a miña parella opine diferente a min”.
- ▶ “É importante para min saber onde está a miña parella en todo momento”.
- ▶ “Prefiro que a miña parella se vista como queira”.
- ▶ “Dáme igual onde estea a miña parella no seu tempo de ocio cando non estou con ela”.

Este é o índice de identificación de condutas de control con menos variabilidade entre centros, cursos e sexos de todo o estudo. A nota media rexistrada máis baixa é de 5,75 e 8,07 a nota media máis alta.

Facendo unha análise conxunta destes 8 ítems, extráense os seguintes datos:


- ▶ 6 de cada 10 rapaces (65%) e rapazas (63%) cren que **a súa parella non ten por que contarlles todo**.
- ▶ Case a metade dos rapaces (46%) e das rapazas (46%) consideran que **nunha relación de parella hai que compartilo todo sen ter segredos**.
- ▶ 3 de cada 10 rapaces (29%) e rapazas (30%) defenden unha relación na que **a parella poida opinar diferente a eles/as**.

Como datos máis desconcertantes, salientase que **nalgúns centros case 7 de cada 10 rapazas (65%) defenden que nunha relación hai que compartilo todo sen ter ningún tipo de segredo, e case a metade dos rapaces (47%) prefire que a súa parella opine igual ca eles**.

Doutra banda, os rapaces (85%) e as rapazas (93%) prefiren que as súas parellas vistan como eles/as queiran, e rexeitan que sexa importante para eles (77%) e para elas (86%) saber onde está a súa parella en todo momento.

Na **Gráfica 3** preséntase unha clasificación dos centros educativos neste índice, atopándose na parte superior os centros coas mellores notas medias, e na parte inferior os centros con notas máis baixas.

**GRÁFICA 3. Notas medias na Identificación de Condutas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT).**



Nesta **gráfica** xa non se observan esas amplas maiorías de triángulos á dereita que indicaban que as mellores puntuacións no índice correspondían ás rapazas. Sitúanse moitos cadrados no lado dereito, e mesmo algúns rapaces foron os mellores expoñentes do seu centro, coma é o caso do IES Fraga do Eume, o IES Isaac Díaz Pardo, ou o IES de Carral. A menor variabilidade do índice, e o feito de que os rapaces superen ás rapazas en máis dun centro, fai que sexa complicado discernir os perfís que obtiveron as notas medias máis altas e baixas. Porén, semella que as rapazas de 4º de ESO novamente acadan as mellores notas medias, mentres que os rapaces de FP amosan as puntuacións máis baixas.

En canto aos centros, destacan positivamente o CPI Castro Baxoi, o IES Fraga do Eume e o IES de Curtis. Os dous últimos desmárcanse, en todo o estudo, como centros con especial preocupación e sensibilización cara o tema.

Observando os símbolos extremos na **Gráfica 3**, apréciase que as rapazas de 4º de ESO do IES de Curtis, do IES Moncho Valcarce, do IES Breamo e os rapaces de 3º de ESO do IES Fraga do Eume obtieñen as mellores notas medias de todo o alumnado neste apartado. Pola contra, os rapaces de 4º de ESO e as rapazas de 3º de ESO do IES de Melide, e o alumnado de 4º de ESO do Mosteirón, a pesar de estar por enriba do 5, obteñen as notas medias máis baixas, Ningún grupo acadará puntuacións medias por debaixo do 5, indicativas dun suspenso na materia, mais si se poden destacar como notas bastante baixas, ademais das xa mencionadas, as acadadas polos rapaces de 3º de ESO do IES O Mosteirón, e as dos rapaces e rapazas que realizan FP no IES Castro da Uz e no IES As Mariñas.

A continuación preséntase unha táboa que completa esta información, xunto coas “medidas xerais” de todo o alumnado neste índice.

**TÁBOA 9. Notas medias na Identificación de Condutas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT).**

CENTRO	CURSO	SEXO	NOTA (ICMT)	NOTA MEDIA DO CENTRO (ICMT)
IES Francisco Aguiar	3º	Homes	7,07	7,11
		Mulleres	6,95	
	4º	Homes	7,02	
		Mulleres	7,40	
IES As Mariñas	3º	Homes	6,52	6,85
		Mulleres	7,37	
	4º	Homes	6,79	
		Mulleres	7,19	
	FP	Homes	6,33	
		Mulleres	6,94	
IES de Curtis	3º	Homes	7,27	7,32
		Mulleres	6,74	
	4º	Homes	7,19	
		Mulleres	8,07	
CPI Castro Baxoi	3º	Homes	7,58	7,51
		Mulleres	7,62	
	4º	Homes	7,08	
		Mulleres	7,75	
IES de Viós	3º	Homes	7,33	7,19
		Mulleres	6,93	
	4º	Homes	7,06	
		Mulleres	7,42	
CPI de Cruz do Sar	3º	Homes	6,88	6,97
		Mulleres	6,70	
	4º	Homes	7,38	
		Mulleres	6,94	
IES de Carral	3º	Homes	7,50	7,2
		Mulleres	7,42	
	4º	Homes	6,80	
		Mulleres	7,08	



IES O Mosteirón	3º	Homes	6,04	6,22
		Mulleres	6,88	
	4º	Homes	6,00	
		Mulleres	5,97	
IES Moncho Valcarce	3º	Homes	7,19	7,3
		Mulleres	6,89	
	4º	Homes	7,19	
		Mulleres	7,93	
IES Castro da Uz	FP	Homes	6,21	6,54
		Mulleres	6,88	
IES Breamo	3º	Homes	7,11	7,24
		Mulleres	7,33	
	4º	Homes	7,64	
		Mulleres	7,87	
IES Fraga do Eume	3º	Homes	7,84	7,35
		Mulleres	7,47	
	4º	Homes	6,58	
		Mulleres	7,50	
IES de Melide	3º	Homes	6,88	6,51
		Mulleres	5,95	
	4º	Homes	5,76	
		Mulleres	7,46	
IES Isaac Díaz Pardo	3º	Homes	7,77	7,13
		Mulleres	7,25	
	4º	Homes	6,72	
		Mulleres	6,79	
MEDIA XERAL	3º	<b>Homes</b>	<b>7,17</b>	<b>7,09</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>7,02</b>	
	4º	<b>Homes</b>	<b>6,86</b>	<b>7,12</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>7,34</b>	
	FP	<b>Homes</b>	<b>6,29</b>	<b>6,42</b>
		<b>Mulleres</b>	<b>6,92</b>	

## Índice de Identificación de condutas de acoso e control propias dunha relación tóxica (RT)

Este índice ten unha finalidade moi semellante ao anterior, se ben neste o modo de preguntar, e o xogo cognitivo, é diferente. Se no ICMT, índice de identificación de condutas previas ao inicio dos malos tratos, se xulgaba en primeira persoa os distintos *ítems* sobre diferentes comportamentos en parella, **aquí o alumna-do os xulga como comportamentos propios (ou non) dunha “relación tóxica”**. É dicir, en 3ª persoa. Deste xeito, o índice sintetiza, a modo de nota académica, a información comprendida nos seguintes 10 ítems:

- ▶ “Obstaculizar que a parella traballe ou estude”.
- ▶ “Estar todo o tempo coa parella”.
- ▶ “Que a parella non responda ao *Whatsapp* cando ve dous *ticks* azuis”.
- ▶ “Evitar que a parella estea con amigos e amigas que caen mal”.
- ▶ “Empurrar nun enfado”.
- ▶ “Non acompañar á parella a comprar roupa”.
- ▶ “Perdoarlle todo á parella por amor”.
- ▶ “*Chatear* ata moi tarde polas noites porque quere a parella”.
- ▶ “Estar un fin de semana sen quedar coa parella”.
- ▶ “Ter o contrasinal das redes sociais da parella”.

Facendo unha análise conxunta destes 10 ítems aprécianse os seguintes datos:

- ▶ A metade dos rapaces (47%) e das rapazas (55%) perciben **estar todo o tempo coa parella** como un comportamento tóxico.
- ▶ 4 de cada 10 rapaces (40%) e 2 de cada 10 rapazas (22%) non aprecian como tóxico **perdoarlle todo á parella por amor**.
- ▶ 2 de cada 3 rapaces (65%) e entre 5 e 6 de cada 10 rapazas (55%) non consideran tóxico **estar ata moi tarde polas noites chateando porque quere a parella**.
- ▶ 1 de cada 4 rapaces (27%) e 1 de cada 5 rapazas (19%) non considera tóxico **empurrar á parella nun enfado**.
- ▶ 1 de cada 4 rapaces (28%) e 1 de cada 5 rapazas (19%) non xulga como tóxico **evitar que a parella estea amigos e amigas que caen mal**.
- ▶ 1 de cada 3 rapaces (33%) e 1 de cada 4 rapazas (24%) non considera tóxico **ter o contrasinal das redes sociais da parella**.
- ▶ En torno a 1 de cada 4 rapaces (28%) e rapazas (23%) consideran como propio dunha relación tóxica cando **non se responde ao Whatsapp cando saen os dous ticks azuis**.

Ademais dos mencionados, a continuación recóllense outros datos tamén desconcertantes:


- ▶ Nalgúns centros, case 3 de cada 5 rapaces (58%) e pouco menos da metade das rapazas (45%) **non perciben como comportamento propio dunha relación tóxica o feito de ter o contrasinal das redes sociais da parella**.

- ▶ 1 de cada 5 rapaces (21%) e 1 de cada 10 rapazas (10%) **non recoñecen como tóxico obstaculizar que a parella traballe ou estude.**
- ▶ 1 de cada 10 rapaces (12%) e rapazas (10%) perciben como **propio dunha relación tóxica o feito de non acompañar á parella a mercar roupa.**
- ▶ 1 de cada 10 rapaces (13%) e menos de 1 de cada 10 rapazas (7%) consideran **propio dunha relación tóxica estar un fin de semana sen quedar coa parella.**

Na **Gráfica 4** preséntase unha fotografía sintética da posición dos centros educativos neste índice, atopándose na parte superior os centros coas mellores notas medias, e na parte inferior os centros con notas medias máis baixas.

Nesta **gráfica** volvemos a atopar amplas maiorías de triángulos á dereita, indicativo de que as puntuacións medias máis elevadas volven a estar do lado das rapazas, a excepción do IES Moncho Valcarce. Do mesmo xeito que no índice de rexeitamento dos mitos do amor romántico, os cadrados volven a ser maioría no lado esquerdo da gráfica, a excepción das rapazas de FP do IES Castro da Uz. En definitiva, conclúese novamente e con claridade que as notas medias máis altas corresponden ás rapazas de 4º de ESO.

**GRÁFICA 4. Notas medias na Identificación de Condutas de Acoso e Control propias dunha Relación Tóxica (RT).**



En referencia aos centros, destacan de forma positiva o IES Fraga do Eume, o IES de Curtis, o CPI Castro Baxoi, e o IES Breamo. En canto aos tres primeiros, novamente confirmase que se posicionan como centros con especial preocupación e sensibilización ante a problemática da violencia cara as mulleres.

Observando os símbolos extremos na **Gráfica 4**, apréciase que as rapazas de 4º de ESO do IES Breamo, as rapazas de 4º do IES de Viós, do CPI Castro Baxoi, e de 3º e 4º de ESO do Fraga do Eume obteñen as notas medias máis altas de todo o conxunto neste apartado. Pola contra, os rapaces de 3º de ESO do Mosteirón, do IES Moncho Valcarce, e sobre todo as rapazas de FP do IES Castro da UZ obteñen as puntuacións máis baixas. Este último grupo obtivo unha puntuación media por debaixo de 5, puntuación que suxire que estas mozas aceptan e normalizan determinadas das condutas de acoso e control propias dunha relación tóxica.

A continuación preséntase unha táboa que, ao igual que nos índices anteriores, ven a completar a información da gráfica cun apartado específico das medias xerais acadadas polo alumnado para este índice.

**TÁBOA 10. Notas medias na Identificación de Condutas de Acoso e Control propias dunha Relación Tóxica (RT).**

CENTRO	CURSO	SEXO	NOTA (RT)	NOTA MEDIA DO CENTRO (RT)
IES Francisco Aguiar	3º	Homes	7,00	7,46
		Mulleres	7,88	
	4º	Homes	7,06	
		Mulleres	7,92	
IES As Mariñas	3º	Homes	6,79	6,88
		Mulleres	7,89	
	4º	Homes	6,21	
		Mulleres	7,67	
	FP	Homes	5,94	
		Mulleres	6,80	
IES de Curtis	3º	Homes	7,50	7,74
		Mulleres	8,00	
	4º	Homes	7,88	
		Mulleres	7,58	
CPI Castro Baxoi	3º	Homes	7,20	7,74
		Mulleres	7,69	
	4º	Homes	7,67	
		Mulleres	8,40	
IES de Viós	3º	Homes	6,47	7,02
		Mulleres	6,82	
	4º	Homes	6,30	
		Mulleres	8,50	
CPI de Cruz do Sar	3º	Homes	6,65	6,73
		Mulleres	7,11	
	4º	Homes	7,07	
		Mulleres	6,10	

IES de Carral	3º	Homes	6,26	6,90
		Mulleres	7,38	
	4º	Homes	6,35	
		Mulleres	7,61	
IES O Mosteirón	3º	Homes	5,75	6,84
		Mulleres	6,64	
	4º	Homes	7,20	
		Mulleres	7,78	
IES Moncho Valcarce	3º	Homes	5,92	7,28
		Mulleres	7,50	
	4º	Homes	8,00	
		Mulleres	7,69	
IES Castro da Uz	FP	Homes	6,29	5,31
		Mulleres	4,33	
IES Breamo	3º	Homes	7,08	7,73
		Mulleres	7,87	
	4º	Homes	7,33	
		Mulleres	8,65	
IES Fraga do Eume	3º	Homes	7,73	7,85
		Mulleres	8,56	
	4º	Homes	6,71	
		Mulleres	8,43	
IES de Melide	3º	Homes	7,33	7,45
		Mulleres	7,04	
	4º	Homes	7,43	
		Mulleres	8,00	
IES Isaac Díaz Pardo	3º	Homes	7,14	7,35
		Mulleres	8,10	
	4º	Homes	6,90	
		Mulleres	7,27	
MEDIA XERAL	3º	<b>Homes</b>	<b>6,79</b>	7,24
		<b>Mulleres</b>	<b>7,61</b>	
	4º	<b>Homes</b>	<b>6,99</b>	7,44
		<b>Mulleres</b>	<b>7,81</b>	
	FP	<b>Homes</b>	<b>6,06</b>	6,10
		<b>Mulleres</b>	<b>6,23</b>	

## Índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais (CACR)

Este último índice é a variable dependente fundamental desta investigación preliminar. Con el pretendeuse **coñecer de forma numérica o grao de normalización existente respecto ao control e o acoso exercido sobre a parella a través das redes sociais**. Deste modo, o índice resume de forma sintética a información achegada polos seguintes 8 *items*:

- ▶ “Controlar o uso que fai a parella das redes sociais”.
- ▶ “Prohibir á parella falar por Whatsapp ou por redes sociais con algunhas persoas”.
- ▶ “Enfadarse coa parella se non lle contesta ás mensaxes de Whatsapp aínda que teñan o dobre tick azul”.
- ▶ “Chamar a atención dalgún rapaz ou rapaza que chatee coa túa parella”.
- ▶ “Mandar varias mensaxes ao día á parella para saber que fai, onde está e con quen”.
- ▶ “Difundir imaxes, vídeos, ou conversas da parella por internet ou a través do móbil sen o seu consentimento”.
- ▶ “Cambiar a foto de perfil do Whatsapp se á parella non lle gusta”.
- ▶ “Compartir as contrasinais das redes sociais coa parella”.

**As notas no CACR son as mellores notas medias rexistradas en todo o estudo, especialmente as das rapazas.** Porén, tamén é o índice onde maior variabilidade de notas se apreciaron en función do grupo (centro, curso, sexo) que estea a responder. Ademais, cómpre recordar que este é, con moita probabilidade, o índice con maior carga da *desexabilidade* social. É dicir, o alumnado, ao ser coñecedor dos obxectivos deste programa socioeducativo para a prevención da violencia de xénero, probablemente reflicta unhas respostas condicionadas pola *normatividade*, isto é, manifeste o “máis correcto” e desexable, e non a realidade das súas condutas e prácticas no uso das redes sociais. Este feito tamén se constatou na investigación preliminar do pasado curso académico.


Ao realizar unha análise conxunta dos anteriores *items*, aprécianse os seguintes resultados:

- ▶ 4 de cada 10 rapaces (40%) e 3 de cada 10 rapazas (30%) non cuestionan como acoso e control **compartir as contrasinais das redes sociais coa parella**.
- ▶ 1 de cada 3 rapaces (35%) e 1 de cada 5 rapazas (19%) consideran apropiado **cambiar a foto de perfil de Whatsapp se á parella non lle gusta**.
- ▶ Pouco menos de 1 de cada 4 rapaces (24%) e pouco máis de 1 de cada 5 rapazas (21%) non consideran que sexa unha conduta inapropiada **difundir imaxes, vídeos, ou conversas da parella por internet ou a través do móbil sen o consentimento da parella**.
- ▶ Case 1 de cada 4 rapaces (24%) e entre 1 e 2 de cada 10 rapazas (15%) non ven como conduta de acoso e control **mandar varias mensaxes ao día á parella para saber que fai, onde está e con quen**.
- ▶ Máis de 1 de cada 4 rapaces (26%) e case 1 de cada 5 rapazas (19%) non cree que sexa unha conduta de control **chamar a atención dalgún rapaz ou rapaza que chatee coa súa parella**.
- ▶ Case 4 de cada 10 rapaces (38%) e 1 de cada 3 rapazas (33%) non aprecia acoso ou control no feito de **enfadarse coa parella se esta non lle contesta ás mensaxes de Whatsapp aínda que teñan o dobre check azul**.

- ▶ Nalgún centro a metade das rapazas (50%) non percibe como unha conduta de acoso ou de control compartir as contrasinais das redes sociais coa parella.
- ▶ Case 6 de cada 10 rapaces (58%) non percibe como unha conduta pouco saudable difundir imaxes, vídeos, ou conversas da parella por internet ou a través do móbil sen o seu consentimento.
- ▶ Menos de 2 de cada 10 rapaces (18%) e 1 de cada 10 rapazas (9%) non ven como unha situación de acoso ou de control controlar o uso que fai a parella das redes sociais.
- ▶ Un 14% dos rapaces e un 8% das rapazas non consideran que prohibir á parella falar por redes sociais con algunhas persoas sexa un acto de acoso ou control.

Na **gráfica 5** preséntase unha clasificación dos centros educativos neste índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais (CACR). Ao igual que nas anteriores gráficas, na parte superior aparecen os centros que acadan as puntuacións máis elevadas, e na parte inferior os centros coas notas medias máis baixas.

**GRÁFICA 5. Notas medias no Rexeitamento de Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR).**



Novamente, a maioría dos triángulos sitúanse á dereita, o que indica que as mellores puntuacións medias académicas as rapazas, mais a distancia cos rapaces (cadrados), en moitos dos centros, é escasa. En definitiva, volve a concluírse que as mellores notas medias corresponden ás rapazas, pero nesta ocasión non ás de 4º de ESO, como nos anteriores índices.

En canto aos centros, destacan positivamente o CPI Castro Baxoi, o IES Fraga do Eume, o IES de Melide, e o IES Isaac Díaz Pardo.

Observando os símbolos extremos na **gráfica 5**, apréciase que as rapazas de 4º de ESO do IES As Mariñas, as rapazas de 4º do IES de Viós, do CPI Castro Baxoi, e de 3º e 4º de ESO do Fraga do Eume obtíñen as mellores notas medias de todo o estudo neste apartado. Pola contra, os rapaces de 3º de ESO do Mosteirón e de FP do IES Castro da UZ obtíñen puntuacións máis baixas. No caso dos grupos do centro sadense, estes acadaron unha puntuación media de 5,00, unha puntuación que suxire que estes rapaces aceptan e normalizan bastantes das condutas de acoso e control a través das redes sociais.

A continuación preséntase unha táboa que, ademais de completar a información da gráfica anterior, recolle as puntuacións medias xerais de todo o alumnado para este índice.

**TÁBOA 11. Notas medias no Rexeitamento de Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR).**

CENTRO	CURSO	SEXO	NOTA (CACR)	NOTA MEDIA DO CENTRO (CACR)
IES Francisco Aguiar	3º	Homes	7,08	7,87
		Mulleres	8,27	
	4º	Homes	7,39	
		Mulleres	8,72	
IES As Mariñas	3º	Homes	7,60	7,71
		Mulleres	7,83	
	4º	Homes	6,98	
		Mulleres	9,38	
	FP	Homes	6,25	
		Mulleres	8,25	
IES de Curtis	3º	Homes	8,25	7,76
		Mulleres	8,27	
	4º	Homes	7,34	
		Mulleres	7,19	
CPI Castro Baxoi	3º	Homes	8,17	8,33
		Mulleres	7,42	
	4º	Homes	9,00	
		Mulleres	8,75	
IES de Viós	3º	Homes	7,25	7,67
		Mulleres	8,07	
	4º	Homes	7,88	
		Mulleres	7,50	
CPI de Cruz do Sar	3º	Homes	6,93	7,18
		Mulleres	7,36	
	4º	Homes	6,67	
		Mulleres	7,78	



IES de Carral	3º	Homes	7,83	7,61
		Mulleres	7,79	
	4º	Homes	7,13	
		Mulleres	7,69	
IES O Mosteirón	3º	Homes	5,00	6,43
		Mulleres	6,25	
	4º	Homes	7,25	
		Mulleres	7,22	
IES Moncho Valcarce	3º	Homes	7,14	7,77
		Mulleres	8,01	
	4º	Homes	9,38	
		Mulleres	6,54	
IES Castro da Uz	FP	Homes	6,02	6,97
		Mulleres	7,92	
IES Breamo	3º	Homes	7,45	7,94
		Mulleres	7,50	
	4º	Homes	8,19	
		Mulleres	8,60	
IES Fraga do Eume	3º	Homes	7,61	8,25
		Mulleres	8,75	
	4º	Homes	8,05	
		Mulleres	8,57	
IES de Melide	3º	Homes	7,92	8,08
		Mulleres	7,99	
	4º	Homes	7,98	
		Mulleres	8,44	
IES Isaac Díaz Pardo	3º	Homes	7,50	7,98
		Mulleres	8,94	
	4º	Homes	7,59	
		Mulleres	7,88	
MEDIA XERAL	3º	<b>Homes</b>	<b>7,34</b>	7,68
		<b>Mulleres</b>	<b>7,97</b>	
	4º	<b>Homes</b>	<b>7,55</b>	7,88
		<b>Mulleres</b>	<b>8,15</b>	
	FP	<b>Homes</b>	<b>6,17</b>	6,59
		<b>Mulleres</b>	<b>8,17</b>	


## Visión global dos índices e das variables explicativas (sexo, curso académico e experiencia nas relacións)

De todo o exposto nesta 1ª parte do informe, o sexo, o curso académico e o centro educativo ao que pertence cada moza e mozo son variables independentes claves na explicación das puntuacións nos 5 índices traballados.

A continuación mostrarase unha visión esquemática da incidencia destas variables independentes, engadíndose tamén a experiencia nas relacións de parella.

Se atendemos ao sexo, como variable independente, na gráfica 6 poden apreciarse as diferenzas entre as puntuacións medias acadadas polo conxunto de rapazas e o conxunto de rapaces. As rapazas obteñen as mellores notas medias en todos os índices, **especialmente no índice de Rexeitamento dos *Mitos do Amor Romántico* e no índice de Rexeitamento dos *Trazos e Roles Sexistas*. Ao calcular a nota media global, tendo en conta todos os índices para os rapaces e as rapazas, as rapazas superan aos rapaces en 0,77 puntos.**


**GRÁFICA 6. Puntuacións nos índices segundo o sexo da persoa enquisada.**



Na **gráfica 7** obsérvase a incidencia do **curso académico** nos índices. Da mesma forma que se comprobou na análise individualizada de cada índice, **o curso de 4º de ESO é o que acada as mellores puntuacións medias**, mais tal e como se viu, a variable "curso", sen ter en conta o sexo, non é tan explicativa. Isto é, o grupo que realmente acada as puntuacións máis altas en todos os índices son as rapazas de 4º de ESO, e non o alumnado de 4º de ESO en xeral.

Por outra banda, o curso académico, independentemente do sexo, si cobra peso explicativo á hora de comprender as puntuacións medias do alumnado de **Formación Profesional**, quen acada as puntuacións máis baixas en todos os índices, especialmente no índice de Identificación de condutas e comportamentos propios dunha Relación Tóxica (RT) e no índice de Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR).

### GRÁFICA 7. Puntuacións nos índices segundo o curso da persoa enquisada.



Respecto da incidencia da **experiencia nas relacións** do alumnado sobre os índices, a **táboa 12** e a **gráfica 8** amosan as puntuacións medias nos índices en función de se o alumno ou alumna participante tivo algunha vez unha parella, e a **táboa 13** e **gráfica 9** mostran as puntuacións medias en función da situación amorosa actual da persoa.

A comparación pon en escena unha realidade certamente preocupante: aquelas mozas ou mozos con experiencia **de parella, isto é, que mantiveron ou manteñen unha relación afectiva-amorosa, acadan puntuacións máis baixas nos índices analizados**. As puntuacións máis baixas danse, especialmente, nos índices que miden as Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR), a Identificación de condutas de acoso e control propias de Relacións Tóxicas (RT), e o Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR). En definitiva, **ter experiencias amorosas ou relacións de parella mitifica as ideas en torno ao amor romántico. Isto repercute nunha maior normalización de condutas de control sobre a parella, tanto a través das redes sociais como en condutas máis explícitas do día a día**.

Deste modo, e en canto ao índice de Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR):

- ▶ Un 84% de rapazas con parella cren que **os problemas de parella debe superalos a parella sen axuda de ninguén**.
- ▶ Un 60% que **os celos son unha demostración de que se quere moito á parella**.
- ▶ No que respecta aos rapaces, un 55% dos que teñen parella **defenden que estar namorado implica compiacencia total coa parella**.

Respecto á Identificación de condutas de acoso e control propias de Relacións Tóxicas (RT):

- ▶ Case 6 de cada 10 rapaces con parella (59%) e entre 4 e 5 de cada 10 rapazas con parella (45%) **non perciben como tóxico estar todo o tempo coa parella**.
- ▶ 1 de cada 4 rapaces con parella (25%) e rapazas con parella (26%), **non cren que sexa contraproducente evitar que a parella estea con amigos e amigas que caen mal**.
- ▶ 7 de cada 10 rapaces con parella (70%) e 6 de cada 10 rapazas con parella (62%) **opinan que chatear ata moi tarde polas noites para compracer á parella non é un comportamento tóxico**.


Finalmente no Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control NAS Redes (CACR):

- ▶ Case 1 de cada 3 rapaces con parella (32%) **non considera unha conduta de acoso ou de control mandar varias mensaxes ao día á parella para saber que fai, onde está e con quen.**
- ▶ 4 de cada 10 (40%) **tampouco considera como tal cambiar a foto de perfil de Whatsapp se á parella non lle gusta.**
- ▶ Un 42% **non considera que sexa unha conduta de control compartir as contrasinais das redes sociais coa parella.**
- ▶ Respecto ás rapazas con parella, un 42% **cren que enfadarse coa parella por non contestar ao Whatsapp, aínda que as mensaxes teñan o dobre tick azul, non é unha conduta de control.**

**TÁBOA 12. Puntuacións nos índices segundo a experiencia nas relacións.**

TIVO PARELLA ALGUNHA VEZ?	MAR	TRS	ICMT	RT	CACR
SI	5,58	6,93	6,91	7,06	7,37
NON	6,30	7,14	7,36	7,65	8,40

**GRÁFICA 8. Puntuacións nos índices segundo a experiencia nas relacións.**




*“Non hai barreira,  
pechadura ou  
ferrollo que podas  
impoñer á liberdade  
da miña mente”.*

Virginia Woolf

**TÁBOA 13. Puntuacións nos índices segundo a situación amorosa actual.**

SITUACIÓN AMOROSA ACTUAL	MAR	TRS	ICMT	RT	CACR
CON PARELLA	5,49	6,95	6,64	7,09	7,26
SEN PARELLA, PERO CON CERTOS LIGUES	5,60	6,76	6,78	6,99	7,30
SEN PARELLA	6,00	7,11	7,33	7,42	8,03

**GRÁFICA 9. Puntuación nos índices segundo a situación amorosa actual.**



## MITOS DA VIOLENCIA DE XÉNERO

---



- ▶ Un **62% do alumnado** pensa que uha das principais causas do maltrato é o abuso de alcol e drogas

## VIOLENCIA DE XÉNERO SEXISMO E TELEVISIÓN

---



- ▶ Un **70% do alumnado** do alumnado pensa que é habitual ver condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade e no mundo laboral.
- ▶ Un **55%** dos rapaces e un **46%** das rapazas segue como serie de cabeceira *La que se avecina*, con claros contidos sexistas.

## REDES SOCIAIS

---




- ▶ Un **64% do alumnado** fai un uso continuado de whatsapp e un **50%** de Instagram.

## YOUTUBERS E INFLUENCERS

---



- ▶ Os **contidos** que xeran youtubers e influencers están moi **estereotipados**, as rapazas falan sobre **moda e beleza** e os rapaces sobre **videoxogos e entretenimento**.



BUSCANDO  
RESPOSTAS:  
LUCES E SOMBRAS



A continuación analízanse 4 aspectos que, aínda que non foron abordados no anterior apartado referido aos índices, poden aportar moitas respostas ao porqué dos datos que se foron mostrando:

- ▶ A vivencia dos **mitos ao redor da violencia de xénero**. Cuestións como que *"as mulleres consenten o maltrato"*, *"hai un claro perfil de muller maltratada"*, *"o maltrato sucede principalmente, en parellas de baixo nivel educativo"*, *"a violencia de xénero é consecuencia dunha perda de control momentánea provocada polos nervios"*, etc. son mitos que xustifican a violencia machista e que adoitan ter bastante calado entre a adolescencia, tal e como se constatou na investigación preliminar do curso académico pasado. Deste modo, volve a poñerse o foco naqueles mitos máis compartidos entre o alumnado.
- ▶ A **percepción sobre aspectos xerais en torno á violencia de xénero e o sexismo**. Cuestións como que *"a violencia de xénero principalmente é física"*, *"moitas mulleres interpoñen denuncias falsas para facer dano á súa parella"*, *"cando hai conflitos de parella as rapazas tenden a sentirse culpables"*, etc. son percepcións con frecuencia compartidas entre a mocidade, tal e como tamén se comprobou na investigación preliminar do curso pasado. Igual que no caso dos mitos sobre a violencia de xénero, trátase de analizar aquelas percepcións máis viventes entre o alumnado.
- ▶ O **reparto das tarefas no fogar**. Mídese a implicación do alumnado nas tarefas do fogar, tratando de comprobar se tamén existen algunhas tarefas máis feminizadas e/ou masculinizadas nos fogares.
- ▶ O **uso dos medios de comunicación**. Analízase, por unha banda, os estereotipos de xénero nos contidos audiovisuais máis consumidos polas mozas e mozos, e doutra, o uso que fan das redes sociais e o tempo que lles dedican.

## Mitos ao redor da violencia de xénero

Na **táboa 14** aparece o grao de acordo do alumnado con respecto a diferentes mitos existentes sobre a violencia de xénero. Esta análise reflicte os seguintes datos:

- ▶ O 62% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que **unha das principais causas do maltrato é o abuso de alcohol e drogas**.
- ▶ O 58% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que **a maior parte dos maltratadores teñen problemas psicolóxicos ou mentais**.
- ▶ O 31% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que **a violencia de xénero é consecuencia dunha perda de control momentánea provocada polos nervios**.

Doutra banda, respecto aos mitos máis rexeitados entre o alumnado, extráese a seguinte información:

- ▶ O 68% do alumnado está en desacordo ou nada de acordo con que **se as mulleres sofren malos tratos é porque o consenten**.
- ▶ O 63% do alumnado está en desacordo ou nada de acordo con que **as mulleres que viven en contornas rurais ou municipios pequenos son máis propensas ao maltrato**.
- ▶ O 60% do alumnado está en desacordo ou nada de acordo con que **o maltrato sucede principalmente en parellas con baixo nivel educativo**.
- ▶ O 55% do alumnado está en desacordo ou nada de acordo con que **hai un claro perfil de muller maltratada, non todas poden selo**.




**TÁBOA 14. Mitos sobre a violencia de xénero**

	TOTALMENTE DE ACORDO	ALGO DE ACORDO	EN DESACORDO	NADA DE ACORDO	NON SEI	TOTAL
O maltrato sucede principalmente en parellas con baixo nivel educativo	5%	15%	26%	34%	20%	100%
A violencia de xénero é consecuencia dunha perda de control momentánea provocada polos nervios	8%	25%	21%	31%	15%	100%
A maior parte dos maltratadores teñen problemas psicolóxicos ou mentais	22%	36%	15%	13%	14%	100%
Se as mulleres sofren malos tratos é porque o consenten	5%	20%	20%	48%	7%	100%
As mulleres que viven en contornas rurais ou municipios pequenos son máis propensas ao maltrato	3%	8%	26%	37%	26%	100%
Unha das principais causas para o maltrato é o abuso de alcohol e drogas	14%	48%	14%	10%	14%	100%
Hai un claro perfil de muller maltratada, non todas poden selo	8%	14%	20%	35%	23%	100%

A gráfica seguinte amosa, atendendo ao sexo do alumando, o grao de acordo (totalmente de acordo ou algo de acordo) cos diferentes mitos sobre a violencia de xénero. Tal e como se poder apreciar, a mitificación sobre a violencia de xénero ten que ver co (des)coñecemento sobre o tema, aspecto no que o sexo non ten excesivo poder explicativo.

**GRÁFICA 10. Porcentaxe de alumnas e alumnos que están de acordo con algúns dos mitos existentes ao redor violencia de xénero.**



## Percepcións sobre aspectos xerais en torno á violencia de xénero e o sexismo

A táboa XVII amosa a percepción que o alumnado mantén sobre diferentes cuestións relacionadas coa violencia machista e o sexismo. A este respecto, obsérvase que unha alta porcentaxe do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo coas seguintes cuestións:

- ▶ O 73% do alumnado percibe que entre os adolescentes existe violencia de xénero.
- ▶ O 70% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que é habitual ver condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade e no mundo laboral.
- ▶ O 54% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que as redes sociais son unha fonte de conflitos nas relacións en parella.
- ▶ O 45% do alumnado está totalmente de acordo ou algo de acordo con que a violencia de xénero, sobre todo, é física.

Doutra banda, entre as percepcións máis rexeitadas do alumnado destacan:

- ▶ O 63% do alumnado rexeita que nas relacións de parella aos rapaces lles guste controlalo todo da súa parella.
- ▶ O 45% do alumnado rexeita que cando hai conflitos de parella, as rapazas tendan a sentirse culpables.

**TÁBOA 15. Percepción sobre aspectos xerais en torno á violencia de xénero e o sexismo.**


	TOTALMENTE DE ACORDO	ALGO DE ACORDO	EN DESACORDO	NADA DE ACORDO	NON SEI	TOTAL
Cando hai conflitos na parella, as rapazas tenden a sentirse culpables	9%	29%	24%	21%	16%	100%
As redes sociais son unha fonte de conflitos nas relacións en parella	14%	40%	21%	15%	9%	100%
Nas relacións de parella aos rapaces gústalles controlalo todo da súa moza	3%	24%	29%	34%	10%	100%
Moitas mulleres interpoñen denuncias falsas para obter beneficios e facer dano á súa parella	5%	21%	21%	22%	30%	100%
Entre os adolescentes existe violencia de xénero	28%	45%	7%	4%	16%	100%
A violencia de xénero, sobre todo, é física	8%	37%	32%	17%	6%	100%
É habitual ver condutas machistas e sexistas na televisión, na publicidade e no mundo laboral	33%	37%	11%	8%	10%	100%

A **gráfica 11** amosa o grao de acordo das mozas e dos mozos cos anteriores ítems, isto é, se mozas e mozos están totalmente de acordo ou algo de acordo cunha serie de cuestións referidas á violencia e o sexismo. A diferenza do que ocorría nos mitos ao redor da violencia de xénero, aquí as percepcións si parecen mostrar que as rapazas teñen percepcións máis fieis á realidade que os rapaces.

Deste xeito podemos salientar que:


- ▶ 1 de cada 3 rapaces (32%) cre que moitas mulleres interpoñen denuncias falsas para obter beneficios e facer dano á súa parella.
- ▶ Unha de cada 3 rapazas opina que nas relacións de parella aos rapaces gústalles controlalo todo da súa moza.

**GRÁFICA 11. Porcentaxe de acordo coas Percepcións sobre a violencia de xénero e o sexismo segundo sexo.**



Para rematar este apartado, na seguinte gráfica recóllense as razóns polas que o alumnado pensa que hai mulleres en situación de violencia de xénero que non abandonan ao agresor. A razón máis nomeada con moita diferenza respecto ás demais é o **medo**, seguido pola vergoña e a procura de ocultar a agresión ao entorno máis próximo. Non se aprecian diferenzas entre sexos en ningunha das opcións de resposta.

GRÁFICA 12. Razóns principais polas que as mulleres en situación de violencia de xénero non abandonan ao agresor.



## O reparto das tarefas do fogar

O alumnado foi preguntado por quen na súa casa é a persoa que se encarga de realizar diferentes tarefas do fogar. Os resultados móstranse na seguinte táboa.

**TÁBOA 16. Repartición das tarefas do fogar.**

TAREFAS	HABIT. EU	MÁS OU MENOS REPARTÍMONOS AS TAREFAS POR IGUAL	HABIT. A MIÑA NAI	HABIT. O MEU PAI	OUTRA PERSOA	NINGUÉN
Lavar a louza	10%	37%	37%	6%	6%	4%
Pequenas reparacións na casa	4%	15%	5%	61%	12%	4%
Preparar as comidas	3%	36%	41%	8%	9%	3%
Facer a colada	5%	29%	52%	5%	6%	3%
Facer a limpeza	6%	48%	34%	3%	7%	3%
Coidar aos membros da familia que están na casa	5%	50%	21%	3%	3%	19%
Facer a compra	6%	44%	36%	11%	2%	2%
Xestionar facturas ou recibos	2%	28%	38%	26%	3%	3%
Coidar as mascotas	23%	33%	5%	11%	4%	23%

O primeiro que chama a atención é que a excepción do coidado das mascotas, no caso das vivendas nas que as hai, o alumnado non asume de forma exclusiva practicamente ningunha das tarefas do fogar polas que se pregunta. Así por exemplo, obsérvase que un 10% do alumnado afirma que se encarga de forma habitual de lavar a louza, polo que, despois do coidado das mascotas, é a segunda tarefa na que máis participan.


Por outra banda, o alumnado afirma colaborar e axudar nas tarefas do fogar, mantendo que estas repárense máis ou menos por igual. Esta é a opción de resposta máis frecuente en case todas as categorías, excepto na preparación das comidas (habitualmente a nai), facer a colada (habitualmente a nai), xestión das facturas ou recibos (habitualmente a nai) e facer pequenas reparacións na casa (habitualmente o pai).

Chama a atención que xustamente a única categoría onde os pais acadan maior puntuación sexa precisamente a que está menos vinculada ás labores propiamente domésticas, como son as reparacións na casa (61%), polo que é presumible que os estereotipos e roles tradicionais de xénero sigan tendo unha importante presenza.

A **gráfica 13** amosa a porcentaxe de rapaces e rapazas que fan ou colaboran en cada unha das tarefas do fogar polas que se pregunta. Non se aprecian grandes diferenzas entre as tarefas que desenvolven as rapazas e os rapaces. Tampouco da presenza de tarefas máis masculinizadas ou feminizadas. A maior diferenza dáse nas pequenas reparacións da casa, onde 1 de cada 4 rapaces (24%) di facer ou colaborar fronte a un 13% de rapazas. Aínda que non se aprecian diferenzas significativas segundo o sexo, é destacable que os rapaces fan ou colaboran de media en 3,80 tarefas das aquí expostas, fronte ás 3,85 feitas ou nas que colaboran as rapazas. Isto pode ser indicativo de que nas novas xeracións a asunción das tarefas domésticas presenta un reparto máis equilibrado que na xeración das súas nais e pais.



**GRÁFICA 13. Porcentaxe de rapaces e rapazas que fan ou colaboran nas seguintes tarefas**



## O uso dos medios de comunicación

---

Neste último bloque, referido aos medios de comunicación e ao consumo de contidos audiovisuais, abórdanse tres cuestións principais:

### ▶ AS REDES SOCIAIS

Analízase tanto o uso das redes sociais, como os aspectos vinculados aos soportes que empregan, as redes sociais preferidas, frecuencias de uso e coñecemento de posibles situacións de acoso e control a través das redes sociais que se poidan producir no entorno máis próximo.

### ▶ SERIES E PROGRAMAS TELEVISIVOS

Neste segundo apartado realízase unha análise do contido das series e programas televisivos que máis gustan e seguen a mocidade.

### ▶ CONTIDOS AUDIOVISUAIS A TRAVÉS DE INTERNET

Revísanse os patróns de consumo doutro tipo de contido audiovisual ao que acceden través de das redes sociais: youtubers, bloggers e influencers.


Sen ánimo de querer anticipar os resultados, a realidade que se mostra é que os contidos audiovisuais que ven e gustan á mocidade están dominados polos estereotipos de xénero. Así, son moi poucas as rapazas que amosan gustos afastados dos roles tradicionais femininos, e moi poucos os rapaces que amosan gustos afastados dos roles masculinos.

## USO DAS REDES SOCIAIS

A maioría do alumnado accede ás redes sociais a través do móbil, sendo esta a ferramenta preferida no tempo de ocio para o 80% das mozas e mozos participantes no estudo.


Aínda que coa aparición de internet o consumo de contidos audiovisuais da mocidade foi experimentado cambios, como se observa na **gráfica 14**, a televisión segue a ser a ferramentas máis utilizada polas mozas e mozos no seu tempo de ocio. Pero as redes sociais e o consumo de contidos dixitais veñen gañando peso fronte aos medios de comunicación convencionais, e isto ten que ver, principalmente coa gran e variada oferta existente, que ademais, é de acceso ilimitado e inmediato. A este respecto, cada vez teñen maior presenza outro tipo de contidos audiovisuais, youtubers, bloggers, influencers, etc., moi distintos aos tradicionais: O ciberespazo, como se verá, constitúe unha ferramenta básica de ocio xuvenil, complementaría á televisión. Pero esta é unha cuestión sobre a que se afonda en páxinas sucesivas.

GRÁFICA 14. Ferramenta máis utilizada no tempo de ocio




Revisando agora o tipo de plataformas que usan e o tempo que lles dedican, os resultados mostran que as redes e as aplicacións específicas máis empregadas entre a xente moza para "ligar", como **Lovoo**, **Tinder** ou **Badoo**, escasamente teñen calado entre o alumnado. Así, máis do 95% de alumnado afirma que nunca as empregou. Pola contra, as ferramentas dixitais que adoitan empregar diariamente son: **Whatsapp** (95%), **Instagram** (85%), e **YouTube** (77%). No que respecta a outras redes sociais, coma o caso de Telegram, tampouco teñen un uso moi extensivo. **Twitter**, **Facebook** e **Snapchat** teñen maior presenza, pero apenas un 20% do alumnado mantén un uso diario.

GRÁFICA 15. Porcentaxe de tempo dedicado a cada rede e aplicación no tempo de ocio.




Afondando nos hábitos de consumo e reparando nas preferencias do alumnado, obsérvanse diferencias de xénero. Así, as **gráficas 16** e **17** mostran como as rapazas consumen en maior medida contidos en *Instagram*, mentres que os rapaces dedican maior tempo a *Youtube*. Este feito, que polo momento non ten peso explicativo, si o adquirirá cando se revisen en detalle os contidos máis consumidos por elas e por eles.


**GRÁFICA 16. Frecuencia de uso dos RAPACES das principais ferramentas de comunicación.**



**GRÁFICA 17. Frecuencia de uso das RAPAÇAS das principais ferramentas de comunicación.**



## GRÁFICA 18. Comparación na frecuencia de uso continuado das principais ferramentas de comunicación segundo o sexo.



Ademais das mencionadas, que dan boa conta dos cambios nas pautas de consumo que se veñen apuntando, cada vez teñen maior presenza outro tipo de ferramentas e redes sociais, tales como: **21 Buttons**, **Musica.ly**, **Pinterest**, **Spotify**, **Wattpad**, **Tumblr**, **Skype**, **Amino** ou **Netflix**. Destas, as máis frecuentadas polas mozas son as que teñen que ver con plataformas de moda, artísticas, creativas e musicais. Porén, no que respecta ao uso outras aplicacións, como é o Skype, apenas se dan diferencias de xénero en canto ao tipo de ferramentas que consumen.

Para rematar xa coa revisión do uso das redes sociais, analízanse os datos da **gráfica 19**. Nesta represéntanse os mesmos 8 ítems cos que se construíu o *índice de Rexistamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR)*, pero neste caso, non se incide no uso propio que se fai das redes, senón no uso doutras persoas do entorno. Esta forma de medir o alcance destes comportamentos vén da experiencia acumulada no curso pasado, onde se constatou o gran peso da *normatividade* á hora de responder a estas cuestións: non se recoñecen os comportamentos que se xulgan como "malos". Por este motivo optouse por esta nova escala de medida, partindo da premisa: "eu non o fago pero sei de xente que o fai".


E efectivamente, os resultados veñen a confirmar esta tese. Moi poucas mozas e mozos recoñecen que reproducen eses comportamentos de control polos que se pregunta, pero si moitas e moitos os identifican en persoas da súa contorna.

Tras ordenar a súa incidencia, compróbase o elevado número de alumnas e alumnos que *teñen amizades, que coñecen xente, ou directamente asumen como propios* determinados comportamentos relacionados con prácticas de acoso ou control no seo dunha relación de parella. Véxanse, por exemplo, os datos que se presentan a continuación:

- ▶ O 44% do alumnado recoñece situacións nas que **se comparte as contrasinais das redes sociais coa parella.**
- ▶ O 41% do alumnado ten amizades, coñece xente, ou directamente é quen **chama a atención dalgún rapaz/a por “chatear” coa súa parella.**
- ▶ O 41% do alumnado ten amizades, coñece xente, ou directamente **manda el/a mesmo/a varias mensaxes ao día á súa parella para saber que fai onde está e con quen.**
- ▶ O 37% do alumnado recoñece situacións nas que se **controla o uso que fai a parella das redes sociais.**
- ▶ O 36% do alumnado confirma coñecer casos nos que se **difunde imaxes, vídeos, ou conversas da parella por internet ou a través do móbil sen o seu consentimento.**
- ▶ O 30% do alumnado ten amizades, coñece xente, ou directamente é quen mostra o seu **enfado se a súa parella non lle contesta ás mensaxes de *Whatsapp* aínda que teñan o dobre *tick* azul.**
- ▶ O 30% do alumnado ten amizades recoñece situacións nas que se **cambia a foto de perfil de *Whatsapp* se á parella non lle gusta.**
- ▶ O 29% do alumnado ten amizades, coñece xente, ou directamente é quen **prohibe á parella falar por *Whatsapp* ou por redes sociais con algunhas persoas.**

Estes datos lévannos a concluír que, pese a que é no índice de *Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes (CACR)* rexistráronse as mellores notas medias, estas condutas de acoso e control a través das redes ou plataformas dixitais están estendidas entre a mocidade.

## GRÁFICA 19. Alcance das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais





## SERIES E PROGRAMAS DE TV

Ademais da frecuencia e do tipo de uso que fai o alumnado das redes sociais, ponse especial énfase na análise dos seus hábitos diarios respecto ao consumo de contidos audiovisuais. Na seguinte táboa organízanse as series que máis consumen en torno a

8 categorías temáticas.

**TÁBOA 17. Porcentaxe de alumnado que consume cada categoría identificada.**

CATEGORÍAS	PORCENTAXE DE ALUMNADO	EXEMPLOS DE SERIES
La Que Se Vecina	50,4%	-
Sitcom	37,2%	Big Bang Theory, Friends, Ella es tu Padre, The Middle, Modern Family, etc.
Drama e Misterio	29,8%	Once Upon A Time (Érase una vez...), 13 Reasons Why (Por 13 Razones), Stranger Things, La Casa de Papel, etc.
Animación	28,7%	Los Simpsons, Padre de Familia, Rick y Morty, animes (Shingeki no Kyojin), etc.
Policial e Criminal	23,5%	CSI, NCIS, Mentas Criminales, Hawaii 5.0, Castle, etc.
Telenovelas	16,2%	Pretty Little Liars (Pequeñas Mentirosas), The Vampire Diaries (Crónicas Vampricas), Jane The Virgin, Gossip Girl, Teen Wolf, The Originals, etc.
Fantasia e Ficción	15,7%	Juego de Tronos, Vikings, Shadowhunters (Cazadores de Sombras), etc.
Postapocalíptico	9,4%	The Walking Dead, Los 100, Z Nation, Mad Max, etc.

Dado o elevado número de mozas e mozos que seguen a serie “*La Que Se Vecina*”, máis da metade do total, analízase como unha categoría específica.

O feito de que “*La Que Se Avecina*” sexa a serie máis popular entre o alumnado ten implicacións no tocante ao xénero, xa que os seus contidos trasládanos unha imaxe das mulleres e dos homes moi estereotipada. Os seus personaxes reproducen moitos estereotipos de xénero, comportamentos sexistas, e incluso algún, chega a facer gala do machismo e misoxinia, mostrando absoluto desprezo no trato cara as mulleres. Tanto nas relacións de parella, coma nos estereotipos de xénero presentes, outorgase á maioría dos “papeis femininos” un trazo común de maldade e deshonestidade, proxectándose así unha imaxe negativa da muller. Se ben certos aspectos na representación das mulleres e homes foron variando ao longo das temporadas da serie, como o papel no espazo laboral e público, segue habendo unha clara división entre os xéneros e unha excesiva preocupación da mulleres polo seu aspecto físico e idade, en definitiva, un sexismo implícito e explícito. Pero non unicamente se transmiten estereotipos, visibilízanse roles ou relacións asimétricas, empréganse insultos, palabras agresivas, trátase con desprezo, e fanse comentarios sexistas. A linguaxe, as denominacións e apelativos que reciben algunhas personaxes, fora de toda dúbida, reforzan aínda máis as situacións de desigualdade respecto ao xénero e as sexualidades.

En segundo lugar encóntranse outras **Sitcoms** ou comedias de situación que na súa maioría responden a un formato humorístico de serie estadounidense vespertina. Entre as máis vistas, destacan: *Big Bang Theory*, *Friends*, *Ella es tu Padre*, *The Middle*, *Modern Family*, etc.

En terceiro lugar, están as series dramáticas ou de misterio, moi seguidas das de animación e das series policiais criminais. Nesta categoría de **drama e misterio**, destacan principalmente: *Once Upon A Time* (*Érase una vez...*), *13 Reasons Why* (*Por 13 Razones*), *Stranger Things*, *La Casa de Papel*, etc.; series de misterio e suspense, dramas médicos, comedias dramáticas e dramas propiamente ditos.

A categoría de **animación** agrupa formatos de debuxos animados, entre as que destacan: *Los Simpsons*, *Padre de Familia*, *Rick y Morty*, *animes* (*Shingeki no Kyojin*), etc.

As series **policiais e criminais** máis seguidas, son aquelas nas que a policía ou equipos de investigación resolven todo tipo de crimes. Principalmente *CSI*, *NCIS*, *Mentes Criminales*, *Hawaii 5.0*, e *Castle*.


Con porcentaxes nada anódinas, agrúpanse tres categorías: telenovelas, series de fantasía e ficción e pos apocalípticas. As **telenovelas** deste grupo non son as tradicionais series amorosas latinoamericanas da década dos oitenta e noventa, senón que responden a un novo formato de telenovela adolescente e con toques fantásticos. *Pretty Little Liars* (*Pequeñas Mentirosas*), *The Vampire Diaries* (*Crónicas Vampíricas*), *Jane The Virgin*, *Gossip Girl*, *Teen Wolf*, *The Originals*, etc.; son algunhas das series nas que os estereotipos do amor romántico están máis presentes, sendo incluso paires fundamentais da trama. Así, as tramas xiran en torno ao romance, en torno a relacións afectivas nas que os personaxes teñen que sobrepoñerse a dificultades constantes e sacrificarse pola outra persoa para ser felices.

As series de **fantasía e ficción** engloban un conxunto de series con contidos caracterizados pola intriga e a acción, con importantes tinguiduras fantásticas. Xa por último, a categoría pos apocalíptica é a que goza de menos seguidoras e seguidores. Agrupa un reducido número de series de ciencia ficción de formulación distópica, entre elas: *The Walking Dead*, *Los 100*, *Z Nation*, *Mad Max*, etc.

A comparación dos gustos de mozas e mozos e o consumo de series debuxa un panorama estereotipado tal, e como se reflicte Gráfica 20. Neste senso, destacan os seguintes datos:

- ▶ 1 de cada 4 rapazas (27%) ve habitualmente **telenovelas**. Pola contra, a tan só a 5% de rapaces lles gusta esta categoría.
- ▶ Máis de 1 de cada 3 rapazas ve habitualmente series **dramáticas e de misterio**, fronte a 1 de cada 5 rapaces.
- ▶ Un 28% de rapazas consumen habitualmente series **policiais**, fronte a un 18% de rapaces.
- ▶ As series de **animación e debuxos** consúmenas en maior medida os rapaces. Rexístrase un 39% fronte a un 20% de rapazas.

**GRÁFICA 20. Tipo de serie vista polo alumnado segundo sexo.**



Así, obsérvanse diferenzas asociadas ao sexo do alumnado. As preferencias dos mozos teñen que ver, en maior medida, co humor, coa comedia e a animación. Pola contra, as mozas identifícanse máis con produtos dramáticos e emocionais, aqueles que se centran nas relacións interpersoais ou de parella. En termos xerais, as series que máis consumen as mozas caracterízanse por presentar tramas moi próximas á etapa da vida que están vivindo, e pola contra, os mozos decántanse por series que reflicten situacións cómicas afastadas da súa realidade.

Descritas as series, tamén cómpre falar dos programas televisivos. Na táboa que segue aparece ordenada a tipoloxía de programas que máis lles gustan.

**TÁBOA 18. Porcentaxe de alumnado que ve e lle gusta cada tipo de programa televisivo.**

CATEGORÍAS	PORCENTAXE DE ALUMNADO	EXEMPLOS DE SERIES
Reality Shows	33,4%	Gran Hermano, Cámbiame, Supervivientes, Las Campos, Gándia Shore, Las Kardashian, Veterinario al rescate, etc.
Talk Shows	26,8%	El Hormiguero, Land Rober, Zapeando, Saturday Night Live, etc.
Deportivos	19,2%	Deportes 4, Jugones, El Chiringuito de Jugones, El Golazo de Gol, Los Lunes al Gol, etc.
Dating Shows	18,7%	Mujeres y Hombres y viceversa, First Dates, ¿Quién quiere casarse con mi hijo?, etc.
Musicais ou Cazatalentos	16,4%	La Voz, Factor X, Got Talent, Tu Cara Me Suena, Operación Triunfo, etc.
Concursos	12,8%	Pasapalabra, Boom, Ahora Caigo, etc.
Documentais, natureza e informativos	12,8%	Telediario, Documentales de la 2, Cosmos: A Spacetime Odyssey, La Sexta Noche, etc.
Prensa Rosa	5,5%	Sálvame, Sálvame Deluxe, Cazamariposas, etc.
Subastas	3,8%	Empeños a lo Bestia, Gas Monkey Garage, La Casa de Empeños, Cazasubastas, ¿Quién da más?, Perdido vendido, etc.

Os programas favoritos do alumnado son os **reality shows**. En concreto, **1 de cada 3 persoas ve habitualmente reality shows na televisión**. Estes caracterízanse por centrarse na vida privada dunha serie de personaxes, famosos ou non, e os temas deste tipo de programas son moi variados, mais todos teñen como patrón común simular ante as cámaras situacións reais e cotiás. Os máis vistos son: *Gran Hermano*, *Cámbiame*, *Supervivientes*, *Las Campos*, *Gándia Shore*, *Las Kardashian*, *Veterinario al rescate*, etc.

Os segundos máis vistos son os **talk shows**. Trátanse de programas nos que se convida a persoas mediáticas para que ofrezan a súa opinión sobre diversos temas, pero sen un formato de debate, xa que o “espectáculo” e o –“humor” priman sobre o contido da propia entrevista. *El Hormiguero*, *Land Rober*, *Zapeando*, *Saturday Night Live*, etc.; son os máis populares.

En terceiro lugar, destacan os **programas deportivos**. Estes responden practicamente a programas de difusión futbolística, entre eles: *Deportes 4*, *Jugones*, *El Chiringuito de Jugones*, *El Golazo de Gol*, *Los Lunes al Gol*, etc.

Seguido moi de preto atopamos dúas formas derivadas de *reality shows*: os **dating shows** e os **programas musicais** e de **cazatalentos**. Cun mesmo formato de telerrealidade, os dating shows responden a unha temática exclusivamente “amorosa”: citas, pretensións, desenganos amorosos, conquista do amor, etc.

*Mujeres y Hombres y viceversa*, *First Dates*, *¿Quién quiere casarse con mi hijo?*, etc.; son os programas máis vistos desta categoría. O primeiro posiciónase no ranking dos máis polémicos e son constantes os cuestionamentos que recibe a través dos medios por considerar que exerce unha nociva influencia sobre a mocidade, e non poucos o tachan dun programa que fomenta o sexismo, que promove o culto ao corpo, denigra a imaxe de mulleres e homes, e proxecta unha imaxe sesgada da xuventude.

Pola súa parte, os programas **musicais** e **cazatalentos** mesturan os contextos de telerrealidade con aspectos propios de concursos televisivos nos que se valora algunha habilidade ou cualidade das persoas que concursan. En sintonía con isto, os concursos televisivos que se emiten pola tarde gustan e síguenos o 12,8% do alumnado, mesma porcentaxe que os documentais, informativos e programas de natureza.


En último lugar, atópanse os programas de prensa rosa e de poxas, sendo os máis vistos: *Empeños a lo Bestia*, *Gas Monkey Garage*, *La Casa de Empeños*, *Cazasubastas*, *¿Quién da más?*, *Perdido vendido*, etc.

A seguinte gráfica ofrece unha comparativa do consumo deste tipo de programas, onde se observan significativas diferenzas de xénero. Neste caso, a importancia dos estereotipos nos gustos é, se cabe, aínda maior que nas series. Así, pola súa parte, as rapazas teñen preferencia por todos os formatos de telerrealidade agrupados, excepto os **talk shows**, que neste caso adoitan ser máis consumidos polos mozos. Este tipo de programas, como xa se comentou, tratan temas de actualidade e entretemento, que combinan co humor. Pero ademais deste, entre os gustos dos rapaces destacan especialmente os programas futbolísticos, así como os programas informativos, de natureza e documentais. Novamente, é necesario destacar que as principais diferenzas atopadas evidencian estereotipos de xénero que vinculan ás mozas co ámbito da vida persoal e o cotilleo, e aos mozos co ámbito deportivo e coa cultura. Con isto, elas prefiren os programas que tratan o ámbito íntimo e persoal e eles o social.

Datos como os que seguen dan boa conta das pautas de consumo diferenciadas nas mozas e mozos que se veñen apuntando:

- ▶ Case a metade de rapazas (46%) fronte a un 20% de rapaces ve habitualmente **reality shows**.
- ▶ Case 3 de cada 10 rapazas ve algún **dating shows** (28%) fronte a un 9% de rapaces.
- ▶ 1 de cada 4 rapazas segue programas **musicais e de cazatalentos** fronte a tan só un 7% de rapaces.
- ▶ Máis de 1 de cada 3 rapaces (36%) adoita ver programas de tertulia futbolística (**deportivos**), fronte a tan só un 3% de rapazas.
- ▶ A un 17% de rapaces gústalles ver programas de **natureza, informativos e documentais** fronte a un 9% de rapazas.

**GRÁFICA 21. Tipo de programa televisivo visto polo alumnado segundo sexo.**



Non cabe dúbida que os medios de comunicación son importantes transmisores de estereotipos sexistas, influíndo poderosamente na xeración dos imaxinarios colectivos da mocidade. Isto é, teñen una poderosa capacidade de influír na creación e formación de actitudes, e a súa influencia cada vez ten un poder maior pola carencia de estímulos que reciben das estruturas familiares e educativas que lles permitan discernir os contidos sexistas entre a programación que ven. Así mesmo, tras a análise dos contidos visualizados polas rapazas nas series e realitys, agóchase unha forte influencia dos mitos do amor romántico, algo que evidentemente ten consecuencias nas actitudes que elas amosan fronte ao seu ideal de amor, e consecuencias especialmente importantes no papel que asumen nas relacións de parella.

## YOUTUBERS E INFLUENCERS

Se nos gustos das mozas e mozos polas series e programas que retransmiten os medios de comunicación tradicionais xa era previsible a presenza de roles e estereotipos de xénero, no caso dos *medios de comunicación 2.0*, onde as posibilidades da oferta é incluso maior, estes seguro aínda son máis evidentes.


As alumnas e alumnos que cumprimentaron o cuestionario tiñan a posibilidade de nomear *youtubers*, *vloggers*, *influencers*, ou *viners* que seguisen habitualmente. A grandes trazos, os resultados mostran como as rapazas seguen na súa maioría a influencers con contidos de moda e beleza, e os rapaces seguen a youtubers con temáticas sobre videoxogos ou de entretemento (bromas, retos, etc.). Pero antes de continuar coa análise deste apartado, é importante precisar cada un destes perfís que compoñen toda unha nova cultura repleta de posibilidades no entorno online, e que rompe as barreiras propias dos medios tradicionais.

- ▶ **Youtubers:** Persoas que crean vídeos e os difunden a través da plataforma *YouTube*. O contido dos vídeos é moi variado, dende retos ou videoxogos, pasando por experiencias persoais, etc.
- ▶ **Vloggers:** Contracción das palabras *vídeo e blogger*. Este termo emprégase para referirse ás persoas que crean vídeos e os difunden a través da plataforma *YouTube*. Pero a diferenza das anteriores, o contido dos vídeos é exclusivamente persoal, relatando historias, experiencias, opinións, e reflexionando sobre aspectos cotiás do día a día.
- ▶ **Influencers:** Son persoas con moito poder nas redes sociais, ou dito doutro modo, cunha gran cantidade de persoas que as seguen. Por ese motivo, adoitan ser un escaparate perfecto para centenaes de empresas e marcas dedicadas á moda e á beleza. *Instagram* é a plataforma de difusión que máis empregan.
- ▶ **Viners:** Crean contido en formato vídeo. Neste reproducen unha pequena historia (menos dun minuto) que reflicte situacións graciosas do día a día.

Aínda que, na práctica real, a maioría das persoas que responden a estes perfís combinan practicamente todas as formas de comunicación.

A gráfica seguinte ofrece unha lista dos perfís de *youtuber* máis seguidos polo alumnado, dos cales tan só 3 son de mulleres. Destes, o máis coñecido é **Wismichu**, así o nomeou o 44% do alumnado, seguido moi preto de **AuronPlay** cun 43%. Non cabe dúbida de que **Wismichu**, ademais de ser un dos youtubers españois considerado como un fenómeno de masas, probablemente tamén é o máis coñecido entre a mocidade porque é da cidade da Coruña, polo que é un referente próximo para o alumnado. **EIRubiusOMG** é o terceiro *youtuber* máis seguido e tamén o *youtuber* español que conta con máis persoas subscritoras ao seu canal. Entre os contidos destes tres *youtubers* destacan, fundamentalmente, aspectos lúdicos, humorísticos e os videoxogos.

GRÁFICA 22. Youtubers que máis seguen as mozas e os mozos.



Os valores que transmiten son obxecto de numerosas críticas, principalmente porque os seus discursos, ademais de empregar un humor a miúdo ofensivo, están repletos de connotacións machistas. Os videoxogos tampouco están exentos de polémica polo sexismo que os rodea, pero tamén hai persoas partidarias que os defenden incidindo en que cada vez é máis frecuente atoparse protagonistas femininas nos videoxogos e cuxo tratamento, non é sexista, senón que os valores que encaran van máis alo da feminidade. O certo é que, aínda que o sector dos videoxogos se está equilibrando en termos de xénero, segue mantendo moitos dos estereotipos sexistas que son cuestionados socialmente, e dá lugar a aparición doutros novos.

Con porcentaxes próximas ao *youtuber* “*El Rubius*” destacan “*Paula Gonu*” e “*Dulceida*”, a primeira seguida polo 40% das mozas. No ámbito da moda, son algunhas das máis coñecidas e seguidas a través das redes sociais. Nos seus perfís mostran aspectos do seu día a día e dan consellos de moda e beleza. Estas youtubers apenas son seguidas polos mozos, un 3% e 2% respectivamente, pola contra *Wismichu*, *AuronPlay*, e *ElRubius*, si son seguidos por moitas mozas.

Na anterior gráfica tamén se poden distinguir dúas categorías “*outro youtuber* e *outra youtuber*”. A heteroxeneidade dentro destas categorías é tan grande que resulta complicado realizar unha análise polo miúdo,



---

**“Non quero que  
outras persoas  
decidan quen son.  
Eu quero decidir  
por min mesma.”**

Emma Watson  
Actriz británica

---

pero novamente detrás desta ampla oferta, están presentes os estereotipos de xénero. Dos datos da gráfica extraese que 6 de cada 10 rapaces (62%) seguen a outro *youtuber* diferente aos nomeados, fronte a só un 15% de rapazas; e case a metade das rapazas (47%) seguen a outra *youtuber* ou *influencer*, fronte a só un 5% de rapaces que o fan. Pero o estereotipo non ten que ver co feito de que sigan un perfil de *youtuber* creado por un home ou unha muller, senón coa **polarización dos contidos observados en función do sexo da persoa que os crea**. Para comprobar isto, no apartado do informe dedicado aos anexos recóllense unhas táboas nas que se analizan os contidos dos perfís de *youtubers* e *influencers* que foron máis nomeados polo alumnado. Entre os contidos dos *youtubers* destacan os **videoxogos, o entretemento e o humor**. Mentres que nos contidos das *youtubers* e *influencers* destacan os **temas de moda, maquillaxe, beleza e fotografía**. Aínda que tamén é certo que entre as *youtubers* hai contidos con maior variedade temática que no caso dos *youtubers*. Así, tamén entre elas podemos atopar *youtubers*, e **non influencers**, cun contido humorístico, musical ou de entretemento, pero non son os contidos máis consumidos entre as rapazas.

En conexión con isto último, no caso dos *youtubers*, o *Instagram* é unha canle de comunicación máis, como pode ser o *Twitter* ou o *Facebook*, para promocionar o canal e estar en contacto coas persoas subscritoras. Porén, no caso das *youtubers*, o *Instagram* é moitas veces a súa rede social principal, con máis persoas seguidoras incluso que na canle de *YouTube*. De feito, moitas delas primeiro fixéronse famosas en *Instagram* e posteriormente crearon o canal de *Youtube*.

**Os *youtubers* e as *influencers*** son outra das correas de transmisión de roles e estereotipos de xénero. Neste sentido, e a excepción de moi poucos casos, os **contidos que tratan seguen representando unha cosificación e simplificación da realidade**. Unha simplificación que leva consigo os mandatos de xénero hexemónicos de masculinidade e feminidade. Estes mandatos, que nos chegan a través de comportamentos que vemos ou mensaxes que recibimos, establecen como debemos ser as persoas segundo o noso sexo, isto é, o que se espera de nós polo feito de ser mulleres ou homes. Así por exemplo, no caso das mulleres, estes teñen que ver coa pasividade, co silencio cara o sexo, co coidado dunha mesma e co coidado das demais persoas (“*o ser para outros*”), coa expresión da afectividade, con que a felicidade se encontra na abnegación, ou co gusto pola beleza persoal. Este último, un mandato que lles fai considerar que fundamentalmente é a beleza a que as fai visibles, aceptadas e valoradas socialmente. Tamén hai mandatos para o xénero masculino, pero estes os colocan nunha posición mellor valorada socialmente.

**Pero, como poden afectarnos estes mandatos?** Pois ben, porque entre outras cuestións, dificultan a construción da autonomía persoal e á construción dun proxecto de vida propio, poden afectar negativamente á autoestima, e fomentan a construción de relacións afectivas desequilibradas. Así mesmo, os mandatos castigan as opcións diferentes, dando lugar á homofobia, lesfobia ou á transfobia, e por tanto, incumprilos implica saírse da norma e someterse á crítica social.

**Esta simplificación da realidade imposta a través dos roles e estereotipos de xénero invisibiliza a ampla gama de modos de ser e de relacionarse entre as persoas.** Acceder a este tipo de consumo cultural limita que se nos estimule noutras facetas non estereotipadas, limitando en consecuencia a nosa liberdade como persoas. Pero estes mandatos de xénero, tal e como son aprendidos, poden ser deconstruídos.

En definitiva, os contidos audiovisuais dos *medios 2.0* consumidos pola mocidade inciden, tanto ou máis que os medios de comunicación tradicionais, nunha **socialización diferencial** entre rapaces e rapazas. Os estereotipos que transmiten favorecen que rapaces e rapazas adquiran e conformen identidades de xénero diferentes, o que leva a estilos cognitivos, actitudinais e conductuais distintos, naturalizándose así normas estereotípicas da conduta e expectativas de comportamento asignadas diferencialmente a cada un dos sexos.

## SUPRIME O CONTROL

---



- ▶ Unha **moza sen parella** que **identifica** e **rexeita** todos os comportamentos de **acoso e control**, que **aproba** todos os **comportamentos saudables** e que **xulga como propios** de relacións tóxicas todos os comportamentos de **acoso e control** exposto, nun **99%** dos casos, **SUPRIME O CONTROL**.



**QUEN  
NORMALIZA  
E QUEN  
SUPRIME O  
CONTROL?**



## NORMALIZA O CONTROL


---



- ▶ Un **mozo con parella** que **non identifica** comportamentos de **acoso e control**, **nin os xulga como propios** de relacións tóxicas, ten unha probabilidade dun **96%** de non suprimir o control, e polo tanto, **NORMALIZA O CONTROL**.



CONCLUÍNDO...  
QUEN NORMALIZA  
E QUEN SUPRIME O  
CONTROL?



## Do amor romántico ao control

A investigación preliminar do curso académico pasado **concluía que os mitos do amor romántico tiñan unha elevada presenza entre a mocidade**. Coa finalidade de contrastar os datos que abalaban esa tese, no presente curso construíuse un novo índice co que medir a vixencia das crenzas mitificadas que se denominou "*Rexeitamento dos Mitos do Amor Romántico (MAR)*". Os resultados confirman as conclusións extraídas no curso anterior: **de todos os índices contemplados no estudo, este índice presente as notas medias máis baixas en todos os centros educativos**. Incluso, o alumnado que ten parella, chega a acumular as puntuacións máis baixas. Deste modo, o alumnado que está vivindo a súas primeiras relacións afectivas, presenta unha maior aceptación e interiorización dos mitos do amor romántico, especialmente, os que teñen que ver con:

- ▶ Crenza de que o amor verdadeiro o pode todo
- ▶ Mito da perdurabilidade eterna da parella
- ▶ Conversión do amor da parella no centro da existencia
- ▶ Falacia da entrega total
- ▶ Crenza de que se se ama debe renunciarse á intimidade
- ▶ Mito dos celos como demostración de amor
- ▶ Mito do libre albedrío
- ▶ Mito da omnipotencia do amor
- ▶ Falacia do cambio por amor

A perversión destes mitos radica en como os interpreta a mocidade, dado que na maioría dos casos, representan demostracións do que entenden como "amor verdadeiro". E estes mitos amorosos que, mozas e mozos os interiorizan de forma desigual en función dos roles e estereotipos de xénero, lonxe de desaparecer, seguen moi vixentes. O cine, as series, determinados programas de televisión, as cancións, os medios de comunicación, entre outros, alimentan á mocidade duns tópicos que, aínda que non sempre mostran a realidade, moitas mozas e mozos desexan experimentar. A construción das relacións afectivas sobre os piares do amor romántico, lonxe de concibirse como un espazo de liberdade, contribúen ao mantemento dunhas estruturas de poder nas que as mulleres ocupan os espazos de subordinación. É por iso que, a persistencia dos mitos que sustentan o ideal de amor romántico na adolescencia e a súa reciclaxe, considérase un factor de risco. Non só porque empobrecen as relacións de parella, senón porque derivan en sufrimento e dependencia.

Os mitos do amor romántico, como crenzas compartidas, non deberían xerar a indolencia coa que xeralmente son percibidos. Afondar nas súas entrañas supón atopar unha importante fonte de desigualdade. As idealizacións do amor romántico empobrecen as relacións no momento que fan sufrir a algún dos integrantes da parella por mera dependencia da outra persoa.

Os mitos crean así expectativas desmesuradas que ao enfrontarse coa realidade causan frustración entre as persoas adolescentes namoradas. Cando no seo da parella, un dos membros "escapa" dalgún dos ritos típicos dos amor romántico é cando comezan as formas de control sobre a parella, podendo rematar estas

en violencia tanto física como psicolóxica. Deste xeito, as formas de control a miúdo son normalizadas e aceptadas porque ao final "o amor o pode todo", ou "faino polo noso ben".

No medio desta escalada de control e violencia, atópanse as redes sociais, testemuñas e ferramentas cómplices que moitas veces aceleran e fan máis visible o proceso de control sobre a parella. Este feito aparece reflectido en curtametraxes como "*Diana en la Red*", un dos materiais que se empregan nas sesións de Suprime o Control, onde podemos atopar unha relación de parella na que os celos e o control van pouco a pouco gañando terreo, convertendo esta relación en tóxica..

Débese loitar por tanto contra os falsos mitos do amor romántico, impedindo que estes expliquen a situación de parellas nas que algunha das persoas "cre que o amor é o que da sentido á súa vida", que "renunciar ao amor é un fracaso", "que debe ser a parella quen solucione os problemas sempre sen axuda de ninguén", que "é posible vencer calquera dificultade na relación e cambiar a forma de ser da parella", que "os celos están xustificadas e que a violencia (física ou psicolóxica) na relación é compatible co amor", etc. Loitar contra estas formas de amor coñecidas como **amor cautivo**, é defender formas de amor libre e igualitario, no que ambos membros da parella xestionan as actividades, os espazos e os tempos compartidos en función dos intereses de cada un/ha.

## Quen suprime e quen normaliza o control nas redes sociais?

Esta investigación preliminar péchase tratando de responder á pregunta: **quen suprime e quen normaliza o control nas redes sociais?** Para iso, axudarémonos metodoloxicamente dunha técnica de análise *multivariante* que nos permita discernir que perfís maximizan a probabilidade de suprimir o control, e que perfís maximizan a probabilidade de normalizar o control nas redes sociais. A técnica escollida foi a regresión lóxística binaria, utilizando como variable dependente unha *dicotomización* da nota (aprobado para as notas superiores a 5/ suspenso para as notas inferiores a 5/ no Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais (CACR).

Na procura dunha visión comprensible e didáctica dos resultados<sup>1</sup> da técnica, preséntase unicamente a Táboa 19. Nesta pode apreciarse de maior a menor importancia, as 4 variables utilizadas no modelo. O obxectivo desta técnica de análise é dobre: por unha banda coñecer cales son as variables que mellor discriminan entre **quen normaliza o control** e quen **o suprime**, e por outra banda, sermos capaces de construír e acadar os perfís de **quen ten máis probabilidades de suprimir o control nas redes sociais e quen ten máis probabilidades de normalizalo**.

<sup>1</sup> O modelo utilizado supera todos os criterios de bondade de axuste global e de eficacia predictiva. As 4 variables independentes utilizadas son capaces de predicir o aprobado ou suspenso nas Condutas de Acoso e Control nas Redes (CACR) nun 85% dos casos, mentres que o axuste global comprobase coa aplicación do estatístico Hosmer-Lemeshow.

**TÁBOA 19. Regresión Loxística: Canto aumenta/diminúe a probabilidade de Suprimir o Control nas Redes Sociais?**

VARIABLE DEPENDENTE: REXEITAMENTO DAS CONDUTAS DE ACOSO E CONTROL NAS REDES SOCIAIS (CACR)	INCREMENTOS DA PROBABILIDADE
Nota na Identificación de condutas de acoso e control propias dunha Relación Tóxica (RT)	62,18%
Nota na Identificación de Condutas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT)	43,07%
Situación amorosa actual (con parella respecto a sen parella)	-39,12%
Sexo (Home respecto a Muller)	-35,22%

Así, na anterior táboa preséntase a incidencia e a importancia das 4 variables independentes no modelo construído. Con elas, trátase de querer coñecer a probabilidade que ten unha persoa adolescente de suspender no Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control a través das Redes sociais (CACR) sabendo o seu sexo, a súa situación amorosa actual, e as súas puntuacións na Identificación das Condutas previas ao inicio dos Malos Tratos (ICMT) e na Identificación de condutas de acoso e control propias dunha Relación Tóxica (RT). Non todas estas variables teñen a mesma importancia na predición, tendo cada unha un peso específico que se debe ter en conta:

- ▶ Por cada incremento dun punto na nota de RT, increméntase nun 62,18% a probabilidade de aprobar no CACR manténdose o resto de variables constantes.
- ▶ Por cada incremento dun punto na nota de ICMT, increméntase nun 43,07% a probabilidade de aprobar no CACR manténdose o resto de variables constantes.
- ▶ Se a persoa ten parella, diminúe nun 39,12% a probabilidade de aprobar no CACR manténdose o resto de variables constantes.
- ▶ Se a persoa adolescente é un home, diminúe nun 35,22% a probabilidade de aprobar no CACR manténdose o resto de variables constantes.

O modelo permite facer todos os xogos posibles coas 4 variables independentes mencionadas, obténdose así de todos os perfís que queiramos construír con eles. Así, **canto máis alta sexa a probabilidade de Rexeitar as Condutas de Acoso e Control nas Redes sociais, se entende que en maior medida se Suprime o Control**. Dito isto, describirase agora como serían os dous perfís que por unha banda maximizan todo o posible a probabilidade de obter unha boa puntuación no CACR, e por outra banda maximizan todo o posible a probabilidade de acadar unha baixa puntuación no CACR. Noutras palabras, o perfil que máis suprime, e o perfil que máis normaliza o control.

**“Tratar a violencia de xénero como un “asunto de mulleres” dálle a unha enorme cantidade de homes a escusa perfecta para non prestar atención.”**

Jackson Katz  
Activista estadounidense

Unha moza sen parella, que identifica e rexeita todos os comportamentos de acoso e control expostos no cuestionario (*ter que contarlle todo á parella, que a parella vista como ela queira, etc.*) e aproba todos os comportamentos saudables (*respectar que a parella opine diferente e que empregue o seu tempo de ocio de forma libre...*), e que xulga como propios de relacións tóxicas todos os comportamentos de acoso e control expostos (*estar todo o tempo coa parella, perdoarlle todo á parella por amor, ter as contrasinais das redes sociais da parella, etc.*), ten unha probabilidade de acadar unha boa puntuación no índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais do 99,07%. Este é o perfil que SUPRIME O CONTROL.

Nun polo diametralmente oposto, un mozo con parella, que non identifica como comportamentos de acoso e control (previos ao inicio dos malos tratos) ningún dos expostos no cuestionario (*querer saber onde está a parella en todo momento, compartilo todo coa parella sen gardar ningún tipo de segredo, etc.*), nin os xulga como propios de relacións tóxicas (*empurrar nun enfado, evitar que a parella estea con amigos/as que che caen mal, etc.*) ten unha probabilidade de aprobar no índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais do 4,24%. Ou dito doutra maneira, ten un 95,76% de probabilidades de suspender no índice de Rexeitamento das Condutas de Acoso e Control nas Redes Sociais. Este é o perfil que NORMALIZA O CONTROL.

Ao final, volvemos a atoparnos cunha conclusión similar á estereotipia observable nos contidos audiovisuais consumidos pola mocidade: **as redes e as novas formas de comunicación son unha ferramenta máis de control para quen xa normaliza o control en situacións que non requiren do uso do teléfono móbil nin de internet.** De igual xeito que as *itgirls* e *influencers* son un formato novo para a reprodución duns roles e estereotipos xa coñecidos; compartir a contrasinal das redes sociais coa parella ou chamar a atención de alguén que chatea coa parella, son demostracións que tamén fai quen non lle garda nin un só segredo á parella e que lle di como ten que vestir. Neste sentido, o uso das redes sociais non implica un maior acoso sobre a parella, pero si axuda na normalización de condutas de control que a través do *smartphone* son máis doadas de conseguir que seguindo durante todo o seu día a día á túa parella.


Dados os resultados acadados, non cabe dúbida que a coeducación, isto é, a educación nos valores da igualdade faise imprescindible entre a mocidade. Programas como *Suprime o Control* son unha ferramenta moi útil para coñecer como se perciben e viven as relacións afectivas entre adolescentes, e para poñer en marcha actividades formativas de sensibilización que promovan a consecución de relacións equitativas entre mozas e mozos, afastadas da violencia de xénero. É importante sensibilizar ao alumnado dende idades temperás, pero tamén a todas aquelas persoas que forman parte da rede de axentes de socialización. Tanto familias como profesorado desempeñan unha labor educativa imprescindible na creación das identidades de xénero da rapazada, por iso esta investigación preliminar é tamén para eles e elas, xa que soamente a través do coñecemento da realidade poderemos intervir de maneira significativa sobre ela. **Axudemos a erradicar actitudes machistas nas novas xeracións, que son, ao fin e ao cabo, o futuro da nosa sociedade.**







ANEXO.  
QUEDACHES CON  
GANAS DE MÁIS?



TÁBOA 20. Quen son Wismichu, AuronPlay e ElRubius?

NICK	NOME	IDADE	SUBSCRITORES/AS	CONTIDO
Wismichu	Ismael Prego	23	6,577.000	Humorístico, fíxose famoso en YouTube gastando bromas a través de Chatroulette. Nos inicios subía ao seu canal un contido marcadamente machista. Actualmente destacan as súas bromas telefónicas, os vídeos humorísticos e os seus videoblogs. Na actualidade renega do contido do seu canal no pasado respecto ao trato que recibían as mulleres e as persoas con diferentes orientacións sexuais, xustificándoo como parte dunha personaxe e non da súa persoa.
AuronPlay	Raúl Álvarez Genes	29	6,865.000	Humorístico, destacando as bromas telefónicas e as críticas a outros vídeos de YouTube. O posicionamento deste youtuber barcelonés como "para todos os públicos" fíxolle medrar moito na plataforma. Sendo así, un dos poucos youtubers cuxo segmento de mercado non se remite a persoas en idade adolescente/ moza.
ElRubiusOMG	Rubén Doblas Gundersen	27	27,090.000	Contido principalmente de videoxogos e entretemento. Foi o primeiro youtuber español en saltar á fama. Na actualidade é o 2º youtuber de fala hispana con máis subscritores/as e o 3º de toda a plataforma.

TÁBOA 21. Quen son Paula Gonu e Dulceida?

NICKS	NOME	IDADE	SUBSCRITORES/AS	SEGUIDORES/AS EN INSTAGRAM	CONTIDO
Paula Gonu	Paula Gonu	24	1,115.000	1,600.000	Videoblogs, retos, moda e beleza
Dulceida	Aida Doménech	27	1,530.000	2,100.000	Videoblogs, retos, moda e beleza

## TÁBOA 22. Quen son os “Outros youtubers” seguidos polos rapaces?

NICKS	NOME	IDADE	SUBSCRITORES/AS	CONTIDO
Logan G	Rafael Pacheco	-	2,316.000	Bromas e retos
DalasReview	Daniel José Santomé Lemus	24	Ocultos, pero estímase que en torno a 6,000.000	Críticas, humor e entretemento. A crítica ao movemento feminista en xeral, e ás feministas en particular, son un tema recorrente nos seus vídeos. Nestes, adoita facer xeneralizacións frívolas sobre o movemento a partir de casos singulares dos que ten certo coñecemento. Un claro exemplo deste tipo de contido está en vídeos como “Las mujeres son superiores a los hombres”, “Todo está bien si lo dice una mujer”, ou “Entrevista con la Feminazi”. Fóra de YouTube foi denunciado en dúas ocasións por dúas das súas exparellas acusado de malos tratos. Ante isto, el xustifica que as denuncias son falsas e que as súas exparellas só pretenden facerlle dano por “despecho”
ByVirusZz	Víctor Mérida Cambra Alzira	25	4,556.000	Videoxogos, principalmente gameplays de Clash Royale e Clash of Clans (videoxogos de estratexia)
DJMaRiiO	Mario Alfonso Garrido	27	3,414.000	Videoxogos de fútbol, principalmente xogando ao FIFA (videoxogo de fútbol)
Cacho01	José Antonio Cacho	27	1,036.000	Videoxogos de fútbol, principalmente xogando ao FIFA (videoxogo de fútbol)
TheGrefg	David Cánovas Martínez	20	5,016.000	Videoxogos de acción e bélicos como Call of Duty ou Counter Strike
8cho	Daniel García Sánchez	31	3,849.000	Rankings de diferentes temáticas (series, películas, videoxogos, mortes, etc.) e videoblogs

<b>ByTarifa</b>	Daniel Tarifa	18	3,492.000	Videoblogs e retos
<b>xFaRgAnx YT</b>	David Alonso Romero	32	1,834.000	Videoxogos de acción, principalmente da saga Grand Theft Auto (videoxogo de acción e crime en mundo aberto)
<b>Willyrex</b>	Guillermo Díaz Ibáñez	24	9,107.000	Videoxogos de todo tipo de temáticas dependendo dos xogos que estean máis de moda en cada momento, pero principalmente Minecraft (construción en mundo aberto)
<b>Vegetta777</b>	Samuel de Luque Batuecas	28	20,581.000	Videoxogos de todo tipo de temáticas dependendo dos xogos que estean máis de moda en cada momento, pero principalmente Minecraft (construción en mundo aberto)
<b>El Rincón de Giorgio</b>	Jordi Carrillo de Albornoz Torres	33	7,222.000	Principalmente videoblogs e contido humorístico. No pasado subía moitos contidos cun tratamento estereotipado e sexista sobre a muller e sobre as distintas orientacións sexuais. Na actualidade, e ao igual que Wismichu, renega do contido dalgúns destes vídeos do pasado, xustificándoos como parte da súa personaxe e non da súa persoa
<b>Alexelcapo</b>	Alejandro Fernández Miret	30	1,387.000	Videoxogos de todo tipo de temáticas dependendo dos xogos que estean máis de moda, pero principalmente Minecraft (construción en mundo aberto)
<b>DoctorePoLLO</b>	Iván	32	1,443.000	Retos futbolísticos cun grupo de amigos
<b>DaniRep</b>	Daniel Hidalgo	20	6,345.000	Videoxogos de diferente tipo e temática, principalmente da saga Grand Theft Auto (videoxogo de acción e crime en mundo aberto)
<b>Nil Ojeda</b>	Nil Ojeda Morales	19	1,200.000	Videoblogs e retos
<b>TheAlvaro845</b>	Álvaro González De Buitrago Burgoa	29	3,876.000	Videoxogos, principalmente Clash Royale e Clash of Clans (videoxogo de estratexia)

**TÁBOA 23. Quen son as “Outras youtubers” seguidas polas rapazas?**

NICKS	NOME	IDADE	SUBSCRITORES/ AS	SEGUIDORES/AS EN INSTAGRAM	CONTIDO
<b>Around The Corner</b>	Giovanna Bravar y Paula Baena	25	932.400	Giovanna: 517.000 Paula: 536.000	Retos, fotografía, viaxes, moda e beleza
<b>RoEnLaRed</b>	Rocío Romero	29	1,198.000	487.000	Moi variado, destacan os videoblogs sobre o seu día a día, e as colaboracións humorísticas con outros/as youtubers.
<b>Andrea Compton</b>	Andrea Rodríguez López	26	521.600	349.000	Humorística (a través dos vines), tamén maquillaxe e beleza.
<b>YellowMellowMG</b>	Melody Anais Moreno García	29	1,662.000	855.000	Videoblogs e sketches humorísticos e musicais
<b>Meri Pombo</b>	María Pombo	23	166.400	687.000	Moda e beleza
<b>Rebeca Stones</b>	Rebeca Troncoso Soto	17	851.000	475.000	Entretemento, moda e beleza
<b>Yuya</b>	Mariand Castrejon Castañeda	24	20,322.000	10,800.000	Moda, maquillaxe, beleza e fotografía
<b>Pautips</b>	Paula Galindo	22	4,864.000	3,500.000	Moda, maquillaxe, fitness
<b>Laura Escanes</b>	Laura Escanes	21	474.000	936.000	Moda, beleza, maquillaxe e fotografía
<b>Herrejón</b>	María Herrejón	23	299.000	450.000	Humorístico e videoblogs sobre series, música e libros
<b>Marina Yers</b>	Maryna Pukhyr	17	553.000	527.000	Humorístico (retos, tags...)
<b>Duulcedeleche</b>	Carlota Núñez	22	83.000	47.600	Moda, maquillaxe e beleza
<b>Paula Echevarría</b>	Paula Echevarría Colodrón	40	Non ten canal de YouTube	2,100.000	Moda e beleza
<b>Lele Pons</b>	Eleonora Pons Maronese	21	7,551.000	21,500.000	Orixinalmente vines. En YouTube contido humorístico (sketches, disfraces, imitacións...). En Instagram hai un alto contido de moda e beleza

